



C R E A R , I M I T A R , C O P I A R , P L A X I A R

UNHA INVESTIGACIÓN DE LIBRO

GUÍA PRÁCTICA PARA OS DOCENTES
ESO E BACHARELATO

Como facer un traballo orixinal,
ben documentado e respectuoso
cos dereitos de autor

esdelibro.es

Programa Educativo de CEDRO

Definición, diseño e desenvolvemento

NETURITY

Especialistas

Propiedade intelectual
CEDRO (coa colaboración de Juan José Pindado)

Educación documental
Natalia Bernabeu e M.^a Jesús Illescas

Maquetación e deseño de materiais impresos e identidade
Pierre Comunica

Tradución
Xavier López López



CREAR, IMITAR, **COPIAR**, PLAXIAR

Unha **investigación** de **libro**

Guía práctica para os docentes. ESO e bacharelato

de libro.

1. *adj. (col.)* Elemental, ou de pura lóxica.

Diccionario fraseológico documentado del español actual.
Manuel Seco, Olimpia Andrés e Gabino Ramos (2004). Madrid: Aguilar.

É de libro pretende o fomento de actitudes e comportamentos respectuosos e de valoración cara os libros, a lectura, a creación e os dereitos de autor.

É de libro nace co obxectivo de sensibilizar e informar nas aulas sobre os valores da creación, o libro e o respecto á propiedade intelectual.

Co nome de **esdelibro.es**, CEDRO está impulsando un programa dirixido á comunidade educativa co fin de poñer en valor o libro como instrumento de acceso á información e ao coñecemento e como un dos piares básicos da educación e da cultura.


Este programa, pioneiro en España, difunde nas aulas a importancia da creación e da figura do autor, así como a necesidade de respectar os dereitos de propiedade intelectual que permiten o seu desenvolvemento.

Esdelibro.es, que comeza a súa andadura no curso 2006-2007, conta co respaldo dos ministerios de Educación e Ciencia e de Cultura, e está concibido como un conxunto de propostas dirixidas á comunidade educativa para poñer á súa disposición a información e os materiais necesarios para coñecer mellor o ecosistema do libro, a lectura, a creación textual, os dereitos de autor e a súa relevancia educativa e cultural.

É DE LIBRO INCLÚE:

WEB EDUCATIVA

Para os estudantes, os docentes e o resto da comunidade educativa.



GUÍA PARA OS PROFESORES

Unha investigación de libro.

Como facer traballos de investigación.

ESO e bacharelato.



GUÍA PARA OS ESTUDANTES

Unha investigación de libro.

Como facer traballos de investigación.

De doce a dezaioito anos.


MATERIAIS

Para a inspección educativa e os centros de formación.



MATERIALES PROMOCIONAIS

- Carteis para a zona de reprografía, a biblioteca escolar e a aula de informática.
- Caderno.
- Camiseta.
- Adhesivo.





Es de libro?

un seis

Se che gusta **ler...**

Se valoras os traballos de **creación** dos alumnos e propós tarefas que eviten a copia e o plaxio...

dous sete

Se dedicas parte do teu tempo de clase á lectura e a ensinar a **comprender** os textos...

Se es consciente do esforzo que supón aos **autores** crear as súas obras e coñeces os **dereitos** que teñen sobre elas...

tres oito

Se empregas libros, Internet e outros documentos na clase e ensinas a **investigar** contrastando fontes diversas...

Se ensinas aos alumnos a integrar e **citar** as obras que consultan nos seus traballos...

catro nove

Se utilizas habitualmente a **biblioteca escolar** cos teus alumnos e amósaslles como usala adecuadamente...

Se evitas **fotocopiar** sen sentido e cando o fas é en establecementos autorizados...

cinco dez

Se animas aos teus alumnos a visitar as **bibliotecas públicas** e as **librerías...**

Se valoras os libros e a lectura como medios de primeira orde para o **propio desenvolvemento persoal e profesional...**

Es de libro!





Sumario do documento

Por que este material?	6
Que contén?	7
Investigar paso a paso	9
Dúvidas ©	99
Bibliografía	106
Índice temático de actividades	107

Por que este material?



Crear, imitar, copiar, plaxiar ten a súa orixe na necesidade de desenvolver entre os alumnos de educación secundaria e bacharelato unha serie de destrezas incluídas no currículo da etapa e relacionadas co manexo de documentos para a elaboración de traballos de investigación. Neste tipo de actividadesponse de manifesto a dificultade dos alumnos para sintetizar textos de diversas fontes e de diferentes autores sen recorrer á copia literal de ningún fragmento e á creación dunha especie de mestura con eles. Se xa nos enfrontabamos a este problema cos documentos impresos, a irrupción dos documentos electrónicos, que permiten copiar, pegar e imprimir con grande facilidade, non fixo máis que acrecentalo.

De aí a conveniencia de ofrecer un material que axude ao profesorado de todas as áreas (humanísticas, científicas, artísticas...) a traballar na clase as destrezas necesarias para realizar unha investigación que teña sempre en conta o respecto á propiedade intelectual e aos dereitos de autor. Para conseguilo propónse un percorrido polas diferentes etapas dun proxecto de investigación en que se profundiza nos contidos e nas habilidades necesarias para facer un traballo persoal ben documentado e se insiste na idea da creación orixinal e na toma de conciencia sobre os límites que existen entre inspirarse, imitar, copiar e plaxiar. O obxectivo último é propiciar a xeneralización destas aprendizaxes a outras situacións similares e favorecer a autonomía de aprendizaxe do alumnado.

Este material complétase coa guía para os alumnos Unha investigación de libro. Como facer traballos de investigación. De doce a dezaioito anos.

Para promover a creación persoal e evitar a copia indiscriminada e o plaxio

Materiais útiles para os docentes preocupados por formar aos estudantes na creación de traballos persoais e evitar os problemas derivados da copia e do plaxio.

en materias humanísticas, científicas, artísticas...

Recursos para desenvolver un traballo de investigación en Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, Lingua e Literatura, Filosofía, Cultura Clásica, Tecnoloxía, Educación Plástica e Visual, Matemáticas...

durante a Educación Secundaria Obrigatoria e o bacharelato

Propostas válidas para niveis educativos diversos, aínda que as súas actividades están preferentemente orientadas aos niveis de educación secundaria e bacharelato.

integrando o traballo en papel, na aula, con propostas en Internet.

Os alumnos aprenderán a desenvolver un proceso completo de investigación, con documentos en soportes distintos, e poderán publicar e compartir o seu resultado nun enderezo creado para eles en Internet (esdelibro.es).



Que contén?

Unha investigación de libro. Guía práctica para os docentes é un material de apoio ao profesorado de todas as áreas para traballar na clase as habilidades necesarias para facer unha investigación orixinal, creativa e rigorosa. Estrutúrase en once pasos en que se suxiren as actividades correspondentes co fin de elaborar un traballo de investigación persoal e completo.

Os pasos son os seguintes:

- 1. O contrato.**
Anímaste a investigar?
- 2. O tema.**
Tes un bo tema de investigación?
- 3. O plan.**
Organízate.
- 4. As ideas.**
Ordena as túas ideas nun diagrama.
- 5. As fontes.**
Onde localizar información?
- 6. Os documentos.**
Cales poden ser interesantes?
- 7. A información.**
Selecciona o importante.
- 8. O guión.**
Fai un bo guión.
- 9. Se orixinal.**
Como non copiar nin plaxiar.
- 10. O informe.**
Como facer un bo informe de investigación?
- 11. En Internet.**
Publica o teu traballo en esdelibro.es

Cada un dos once pasos do investigador componse dos seguintes elementos:

Claves para o profesor

Obxectivos:

Metas que o alumno debe alcanzar.

Plan de traballo:

Actividades propostas e tempo estimado para a súa realización.

Dificultades frecuentes:

Problemas con que o alumno se pode encontrar.

Actividades

Que vas facer?:

Explicación das actividades e obxectivos de cada paso.

Propoñémosche:

Actividades con exemplos e axudas.

Ademais:

Actividades complementarias.

Avaliación:

Pautas para valorar o progreso do alumno.

A continuación inclúese neste material o apartado **Dúbidas** ©, onde se ofrecen consellos para elaborar un traballo de investigación que respecte os dereitos de autor, así como unha selección de preguntas frecuentes, de carácter práctico, sobre o tema.

Finalmente, este material incorpora un **Índice temático de actividades**.

Investigar paso a paso



Paso 1

O contrato

Claves para o profesor	10
Actividades	11

Paso 2

O tema

Claves para o profesor	18
Actividades	19

Paso 3

O plan

Claves para o profesor	26
Actividades	27

Paso 4

As ideas

Claves para o profesor	32
Actividades	33

Paso 5

As fontes

Claves para o profesor	42
Actividades	44

Paso 6

Os documentos

Claves para o profesor	52
Actividades	53

Paso 7

A información

Claves para o profesor	60
Actividades	62

Paso 8

O guión

Claves para o profesor	70
Actividades	71

Paso 9

Se original

Claves para o profesor	76
Actividades	77

Paso 10

O informe

Claves para o profesor	82
Actividades	84

Paso 11

En Internet

Claves para o profesor	94
Actividades	95

Paso I: o contrato



Claves para o profesor

Obxectivos

- Facer que os alumnos tomen conciencia da súa forma de actuar cando fan un traballo de investigación, das súas capacidades e das súas limitacións.
- Coñecer as etapas que se deben percorrer para facer un traballo de investigación.
- Tomar conciencia da importancia de respectar os dereitos de autor ao longo de todo o proceso anterior.

Plan de traballo

	PROPOÑÉMOSCHE				ADEMAIS
	Investigas ou saes do paso?	Paso a paso	Vale, non vale	O contrato do investigador	O termómetro
	Test	En liña	En liña	Documento	Xogo
Actividades	Os alumnos reflexionan sobre o seu modo de facer os traballos académicos.	Os alumnos obteñen unha visión xeral das diferentes fases dunha investigación.	Os alumnos observan nunha animación o que se debe facer e o que non nun traballo.	Os alumnos comprométese a cumprir una serie de condicións ao longo das diferentes fases do proceso.	Minicuestionario para pensar en ©.
Tempo	15 minutos	15 minutos	15 minutos	15 minutos	15 minutos
Nivel recomendado	2.º ciclo ESO Bacharelato	Todos os ciclos	Todos os ciclos	Todos os ciclos	1.º e 2.º ciclo ESO

Dificultades frecuentes

Cando fan os seus traballos académicos os mozos teñen dificultades para seguir o itinerario de traballo que esixe unha investigación. Nesta unidade introdutoria preséntanse as diferentes fases polas que debe pasar unha boa investigación e axúdase aos alumnos a tomar conciencia da importancia de adquirir as habilidades necesarias en cada etapa con respecto ao dereito á propiedade intelectual.

Pensa en ©



Cada autor é responsable do seu propio traballo.

Todos os autores, polo mero feito de publicar a súa obra, adquiren un compromiso co público ao que vai dirixida: son responsables do seu propio traballo e do respecto ás obras doutros autores en que se basearon.

Nas túas investigacións deberás comprometerte a facer traballos de calidade e persoais, a consultar a outros autores que se ocuparan do mesmo tema e a citar sempre as fontes en que te basearas.

Actividades

Que vas facer?

Cantas veces che pediron no instituto que fagas un traballo? Tómallo como un reto ou é algo que levas moi mal?

Estes traballos que fas ao longo do curso son unha ocasión estupenda para aprender a investigar. Pero investigar sobre un tema é emprender un camiño cuxo destino é incerto. Terás que seguir unha serie de pasos, e non saltar ningún. **Para chegar en condicións á meta debes ter en conta o seguinte:**

- Coñecer ben os teus puntos fortes e o que debes mellorar.
- Ter ben claras as fases dun bo proceso de investigación.
- Terás que pensar en ©, é dicir, saber que é a propiedade intelectual e que podes facer para respectala.

Investigas ou saes do paso?

Propoñémosche

Como soes investigar á hora de facer os teus traballos? Podes contestar ao seguinte test. Faino de forma sincera, subliñando «si» cando a frase que aparece na columna da dereita describa algunha das túas actitudes á hora de investigar e «non» cando ocorra o contrario. Axudarámosche a mellorar todo aquilo que non sabes facer ou que fas con dificultade.

1. Cando o profesor me manda un traballo de tema libre escollo o que me resulta máis fácil. si non
2. Adoito comentar as miñas ideas cos meus compañeiros, cos meus profesores, cos meus pais... si non
3. Cando teño a idea para un traballo non lla digo a ninguén para que non me copien. si non
4. Intento consultar bastantes fontes de información e que sexan variadas, aínda que tarde máis tempo en facer o meu traballo. si non
5. Cando teño tres ou catro documentos xa me parecen suficientes. si non
6. Para buscar información utilizo distintas palabras clave que expresan os puntos do tema que quero tratar. si non
7. Adoito apuntar sempre de onde saquei as informacións para incluílo ao final do meu traballo nunha bibliografía. si non
8. Teño dous ou tres enderezos de Internet que me sacan de apuros en todos os traballos que teño que facer para as distintas materias. si non
9. Penso que pode haber documentos que, aínda que traten o tema do meu traballo, non me sirvan polo seu enfoque, pola súa pouca calidade, polo seu excesivo nivel, etcétera. si non
10. Creo que calquera documento pode ser bo para un traballo posto que, se está publicado, é que ten calidade. si non
11. Prefiro buscar moitos documentos e despois desbotar os que menos me gusten. si non



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es

12. Gústame ir ás bibliotecas, xa que alí podo encontrar información interesante. si
non
-
13. Esquezo a miúdo citar as miñas fontes de información. si
non
-
14. Gústame empezar enseguida o traballo, aínda que non teña moi claro o que estou facendo. si
non
-
15. Unha vez que planifiquei o meu traballo mantéñome fiel ao meu plan ata o final, pase o que pase. si
non
-
16. Cando comezo un traballo planífico de antemán, segundo como queira abordar o tema que escollín. si
non
-
17. Adoito anotar as indicacións do profesor para non esquecerlas e telas en conta en todo momento. si
non
-
18. Son bastante flexible e adoito ir modificando o contido e o enfoque do meu traballo a medida que vou pasando polas diferentes etapas e descubrindo cousas novas. si
non
-
19. Para redactar o meu traballo teño en conta quen o vai ler. si
non
-
20. Unha vez que redacto o texto entrégoo enseguida. si
non
-
21. Gústame repasar varias veces os meus traballos escritos para ver se están ben expresados e para revisar as ideas que expoño. si
non
-
22. Se o profesor di que a investigación ten que ocupar dez follas, énchoas como sexa, aínda que o meu traballo poida ocupar menos. si
non
-
23. Adoito copiar parágrafos dos documentos que selecciono, xa que me costa expresar o seu contido coas miñas propias palabras. si
non
-

24. Cando o tema se presta á discusión adoito defender as opinións que emiten os autores dos textos que encontrei, aínda que sexan contrarias ás miñas. si
non
-
25. Non me importa dar a miña opinión persoal aínda que se opoña ao que din as informacións ou os textos que encontrei. si
non
-
26. Cando recibo o meu traballo corrixido leo rapidamente as correccións e despois esquézoas. si
non
-
27. Unha vez que entrego o traballo ao profesor, non o volvo mirar. si
non
-
28. Gústame que o profesor avalíe o meu traballo e que me diga o que podo mellorar. si
non
-
29. Cando teño que comunicar oralmente o traballo elaboro algún material complementario para que o meu auditorio comprenda mellor o que quero dicir. si
non
-
30. Amólame que os demais lean o meu traballo. si
non
-
31. Interésame dar a coñecer o meu traballo e que os demais dean a súa opinión sobre el. si
non

COMO CHE FOI?

Se tiveches máis de 20 respostas azuis:
noraboa!, investigas de forma adecuada.

Se as túas respostas azuis están entre 10 e 20:
confórmaste con «saír do paso», pero podes mellorar moito a túa forma de investigar.


Se as túas respostas azuis son menos de 10:
coidado!, dedicaste simplemente a «saír do paso»; convén que revises a túa forma de traballar.



Paso a paso

Propoñémosche


Dá unha volta por este apartado da web esdelibro.es para obter unha visión xeral das diferentes fases polas que debes pasar para que o teu traballo de investigación sexa rigoroso e orixinal.



Vale, non vale

Propoñémosche

Queres saber o que se pode y non se pode facer nunha boa investigación? Pasa por esdelibro.es e encontrarás bos consellos para facer o teu traballo respectando os dereitos de autor.



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es



○ contrato do investigador

Propoñémosche

(Nome e Apelidos)

coñezo as se-

guientes condicións para facer a miña investigación e opto a que sexa publicada en esdelibro.es:

- Seguirei os once pasos do proceso investigador e esforzareime por lograr un bo resultado en cada un deles.
- Terei sempre presente que toda obra ten un dono e que ten dereito a que a súa creación sexa respectada. Polo tanto, respectarei as ideas e as creaciones orixinais doutras persoas en que me basee ao facer a miña investigación.
- Comprométome a utilizar como mínimo as seguintes fontes: unha enciclopedia impresa ou electrónica (en CD ou en Internet), un libro sobre o meu tema de investigación, un artigo de revista ou xornal (se se publicou algo sobre o meu tema), unha páxina de Internet dun organismo que ofrezca suficientes garantías e unha páxina de Internet de imaxes.
- Comprométome a visitar unha biblioteca ou centro de documentación para encontrar algúns dos documentos que necesito.
- Elaborarei un traballo persoal onde sintetizarei, combinarei e contrastarei as ideas doutros coas miñas propias e serei esixente á hora de delimitar que ideas me pertencen e cales non.
- Citarei sempre as miñas fontes de información e tamén as miñas fontes de inspiración mediante notas e bibliografía.
- Sempre que copie unha cita textual poñereina entre comiñas e citarei o seu autor, así como a fonte de onde a tomei.

Acepto as condicións expostas arriba e velarei polo seu cumprimento durante todas e cada unha das fases do proceso de traballo, ata a súa finalización.

..... de de

Fdo. O investigador / A investigadora



○ termómetro

Ademais


Adiviña a temperatura do teu termómetro © sombrendo un grao por cada resposta afirmativa:

Respectas e valoras as ideas e as creacións orixinais en que te baseaches para facer o teu traballo?

Es consciente de que toda obra ten un dono?

Sabes que ti tamén es un creador e que os demais deben respectar as túas propias creacións orixinais?

Valoras os soportes a través dos que as ideas orixinais que fixeron avanzar o mundo chegaron ata ti: os libros, as películas, os vídeos, as publicacións periódicas, os CD ROM e, en xeral, todos os tipos de documentos?



Es consciente de todo o afán e o esforzo que hai detrás de cada libro, documento audiovisual, páxina web, etc., que utilizas para facer o teu traballo?

Comprendes a diferenza que existe entre plaxiar, copiar, imitar e crear?

Pos suficiente coidado á hora de delimitar que ideas son doutros e que ideas son túas?

Citas sempre as túas fontes de información?



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es

Paso 2: o tema



Claves para o profesor

Obxectivos

- Elixir un bo tema de investigación.
- Formular preguntas sobre os temas.

Plan de traballo

	PROPOÑÉMOSCHE		ADEMAIS	AVALIACIÓN
	Sigue o rastro!	A fórmula	Que soes facer ti?	Autoavaliación
	Xogo	Xogo	Test	Pautas
Actividades	Os alumnos aprenden un procedemento para buscar un tema.	Os alumnos aprenden a formular preguntas sobre os temas de investigación.	Cada estudante valora as súas actitudes e hábitos cando elixe un tema de investigación.	Os alumnos reflexionan sobre o traballo feito neste paso.
Tempo	Unha sesión de clase: 50 minutos	15 minutos	15 minutos	15 minutos
Nivel recomendado	2.º ciclo ESO Bacharelato	1.º e 2.º ciclo ESO	1.º e 2.º ciclo ESO	Todos os ciclos

Dificultades frecuentes

Cando pedimos aos nosos alumnos que fagan un traballo de investigación soen ter problemas para decidir o tema, a non ser que llelo propoñamos nós. En ambos os dous casos é frecuente que teñan dificultades para facerse preguntas que orienten a súa investigación e que lles permitan avanzar. Nesta unidade suxerimos diversas técnicas que axudan ao profesor a desenvolver nos seus alumnos as capacidades básicas para emprender un traballo de investigación.



Parte sempre dunha idea propia.

Aínda que ao principio non encontres un bo tema, é importante respectar os elixidos polos teus compañeiros e buscar outras alternativas para encontrar o teu.

Copiar ou apropiarse da idea doutro non é a forma máis adecuada de elixir un tema para investigar. Sentiraste moito mellor se traballas a partir dunha idea propia. Este é un primeiro paso para aprender a respectar as ideas dos demais.

Actividades

Que vas facer?

Ao longo da túa vida de estudante os teus profesores pediránche que fagas traballos de clase para os que terás que buscar documentación complementaria procedente de diferentes fontes de información e reelaborala de forma persoal.

En realidade pódese investigar sobre calquera cousa que nos interese, pero non é fácil elixir un bo tema de investigación.

Nesta unidade vas practicar o seguinte:

- Tomar conciencia do que soes facer para elixir un tema de traballo.
- Elixir un bo tema de investigación.
- Formular preguntas sobre os temas.

Sigue o rastro!

1. Descubre o que conteñen as pegadas.

Rastro 1

Anota por orde de preferencia as catro grandes áreas que máis che interesen. Por exemplo ciencias, literatura, arte, historia, música, cine, etc.



Rastro 2

Consigue o xornal do día e anota os catro temas de actualidade que máis chamen a túa atención. Por exemplo: a inmigración ilegal, o burato de ozono, as últimas viaxes espaciais, etc.



Rastro 3

Pide a algún amigo, aos teus pais ou aos teus profesores que che suxiran temas e anótaos.



Rastro 4

Consigue unha enciclopedia e abre varias veces as súas páxinas ao azar; apunta os temas que saian e anota os catro que máis che atraian.



Rastro 5

Fai só ou en grupo unha tormenta de ideas e anota as catro que máis che gusten.



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es

A tormenta de ideas

A tormenta de ideas consiste en anotar durante dez minutos todas as ideas que se che ocorran sen censurar ningunha. Despois pódense ir descartando aquelas que non se consideren apropiadas, ata seleccionar un tema.

2. Analiza os cinco rastros: Hai algún tema que coincida en dous ou máis rastros dos que seguiches? Anótaos no recadro.

3. Somete aos teus posibles temas a un interrogatorio e axúdate da seguinte táboa.

	TEMA 1	TEMA 2	TEMA 3
Teño algún coñecemento previo sobre o tema?			
É fácil encontrar información sobre el?			
Teño claros os seus límites? Non é nin excesivamente amplo nin demasiado limitado?			
Ocórrenseme, case sen pensalas, cando menos tres preguntas sobre o tema?			
Hai, polo menos, un ou dous aspectos nel que esperten a miña curiosidade?			
É un tema que pode interesar tamén aos demais?			
É un tema co que me sinto a gusto?			

4. Agora, debes decidirte!

A que tema che levaron as pegadas?:

Como te sentes ante a idea de comezar unha investigación sobre el?:

Se che atrae a idea, non hai dúbida: este é o teu tema! Agora empeza a traballar e deixa de pensar se poderías elixir outro. Intenta facer o mellor traballo posible.

AXUDA

Algúns consellos

É conveniente elixir un tema sobre o que poidamos obter información con certa facilidade. Para asegurarte disto podes pedir axuda a un bibliotecario ou bibliotecaria.

Tamén é importante poñer límites ao noso tema. Por exemplo, «O continente africano» é un tema excesivamente amplo. Poderíamos concretalo máis: «O relevo do continente africano». Ou incluso máis, establecendo un límite espacial: «O relevo do sur do continente africano». Cando o tema elixido admita que establezamos límites temporais, debemos facelo. Se, por exemplo, o tema é «As migracións no continente africano» podemos concretalo limitándoo a un século: «As migracións no continente africano no século XX». A combinación de límites temporais e espaciais concreta moito máis o tema; por exemplo: «As migracións no norte do continente africano no século XX».



A fórmula

Propoñémosche

A investigación consiste en ser curioso; así que elixe un dos temas seguintes, pensa no que xa sabes sobre el e demostra a túa curiosidade formulando máis preguntas, todas as que se che ocorran. Para isto, podes utilizar a fórmula seguinte: **2Q 3C 1D nPQ nE**, ou sexa

Elixo un tema e aplícalle a fórmula! Suxerímosche algúns:

Agora, trata de aplicar a fórmula **2Q 3C 1D nPQ nE** ao teu tema de investigación e anota as túas preguntas neste recadro:



Imprimir esta folla de traballo en: esdelibro.es

2Q

Que
Quen

3C

Como
Cando
Canto

1D

Onde

nPQ

Por que
Por que
Por que...

nE

Efectos

- As viaxes á lúa.
- Os maremotos.
- O quecemento global.
- A inmigración ilegal.
- A dopaxe no deporte.



Que **soes** facer **ti**?

Ademais

Seguramente xa te encontraches anteriormente na situación de ter que elixir un tema de investigación. Sinala na táboa o que soes facer.

Cando teño que elixir un tema para facer un traballo...	SI	NON
Pido ideas aos meus amigos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Pregunto aos meus pais	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Penso nun tema de actualidade que me interese	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Miro no sumario do libro de texto e elixo o tema que me interesa	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Pregunto ao profesor	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Penso nas cousas que me interesan fóra do colexio	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Fago unha lista sen pensar moito e elixo un dos temas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Elixo o primeiro que se me ocorre	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>





Avaliación. Como vas?

Os verdadeiros creadores saben que o importante dun traballo non é só o produto final senón, sobre todo, o proceso. É precisamente nese ir solucionando as dificultades que se presentan sobre a marcha onde un bo investigador pon en acción as súas aptitudes creativas: a súa capacidade para a improvisación; para relacionar conceptos con outros que proveñen da súa experiencia ou doutros campos do saber; a súa tolerancia á frustración, etc.

Por iso che propoñemos que avalíes todos e cada un dos pasos do proceso, posto que disto vas sacar datos que te axudarán a introducir no teu modo de traballar as modificacións necesarias.

Para avaliar esta primeira etapa do traballo realiza as seguintes preguntas e comenta as túas conclusións co grupo:

Puxen en práctica estratexias para elixir un bo tema de traballo.

Resultoume fácil?

Qu dificultades encontrei? _____

Como as solventei? _____

Aprendín a formular preguntas sobre os temas.

Descubrí os meus coñecementos previos sobre el tema?

Delimitei mellor os meus propios intereses?

Identifiquei as vantaxes ou dificultades que supón elixir determinados temas?

Tiven en conta que o meu tema sexa orixinal e evitei copiar en todo ou en parte as ideas doutro?

Si

Non

En parte

Por que?

Podes anotar as túas conclusións neste recadro:

Paso 3: o plan



Claves para o profesor

Obxectivos

- Clarificar as características e as circunstancias do traballo elixido.
- Reflexionar, a partir do anterior, sobre o tipo de información que se necesita.
- Organizar un traballo individual ou en grupo.

Plan de traballo

	PROPOÑÉMOSCHE		AVALIACIÓN
	Pénsao ben!	Fai un plan	Autoavaliación
	Pautas	Documento e práctica	Pautas
Actividades	Os alumnos concretan todas as características e circunstancias do seu traballo individual ou en grupo.	Os alumnos elaboran unha ficha en que planifican as tarefas que deben efectuarse na súa investigación.	Os alumnos reflexionan sobre o traballo feito neste paso.
Tempo	30 minutos	30 minutos	15 minutos
Nivel recomendado	Todos os ciclos	Todos os ciclos	Todos os ciclos

Dificultades frecuentes

Observamos nos nosos alumnos certas dificultades á hora de organizar o seu propio traballo como estudantes, o que se incrementa cando teñen que enfrontarse a un proceso como o que trae consigo unha investigación, onde cada actividade debe ser desenvolvida segundo unha secuencia precisa. A organización dun traballo individual pode ser dificultosa, pero a coordinación dun equipo de varios alumnos éo aínda máis, polo que é importante que aprendan estratexias para actuar da maneira máis adecuada en ambas as dúas situacións. Ademais, é conveniente que determinen o tipo de información que necesitan segundo o traballo que deben entregar (definicións, explicacións, estatísticas, gráficos, fotografías, etc.).

Pensa en ©



Respecta e valora os documentos que consultes.

Ao planificar o teu traballo pensa en como respectar a propiedade intelectual en todo momento e recorda o que se pode e o que non se pode facer cos documentos. Non planifiques facer aquilo que supoña non respectar os dereitos de autor, como fotocopiar un libro enteiro. Podes, por exemplo, facer unha síntese dos documentos doutros autores e basearte no seu traballo para facer o teu, sempre e cando os cites correctamente. Debes prever a forma de recoller os datos dos documentos que consultes, posto que os vas necesitar en varias ocasións ao longo do traballo, e especialmente para citar os autores no caso de que utilices as súas ideas.

Actividades

Que vas facer?

Es dos que se organizan ben ou soes ensari-llarte?

Moitas veces as túas dificultades nos estudos e traballos escolares proveñen dunha mala organización do traballo.

Nesta unidade podes coñecer algunhas estratexias para organizarte ben:

- Definir os obxectivos que pretendes conseguir.
- Establecer os prazos que tes para facelo.
- Secuenciar as diferentes tarefas que irás abordando.

Pénsao ben!

Os exploradores que deciden adentrarse en paraxes pouco coñecidas soen ir ben preparados, con mapas e planos do lugar, para non se perder. Algo parecido ocorre cando un profesor che pide que fagas un traballo. Para non te perder e chegar ao teu destino é fundamental que concretes todos os aspectos prácticos antes de comezar.

Para concretar as características do teu traballo, completa a seguinte ficha coas túas ideas.



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es

Tema do traballo (título provisional e subtítulo):

Nome e apelidos das persoas que farán o traballo:

Prazo de entrega:

Tipo de información que necesito (definicións, datos puntuais, textos explicativos, diferentes opinións, ilustracións, sons, vídeos, etc.):

Recursos necesarios (ordenador, arquivador, follas, fichas, fundas de plástico, lapis, rotuladores para subliñar, etc.):

Trazarás o teu mapa de situación e o camiño que debes seguir se contestas a preguntas como as seguintes:

Como vou facer o traballo?

- De forma individual En equipo

Que produto final vou presentar?

- Un mural Unha redacción de conclusións
 Unha exposición oral Unha síntese de información recollida

Outros:

Que lonxitude aproximada debe ter?

- Número mínimo de páxinas Número máximo de páxinas

Teño que incluír gráficos ou ilustracións?

- Non Sí, necesariamente Só se o considero necesario

A que tipo de receptor vai dirixido?

- Ao profesor Aos meus compañeiros A un público amplo

Cando hai que entregalo?

Se hai que expoñelo oralmente, canto tempo durará a exposición?

Poderemos usar a biblioteca do instituto? Sí Non

En caso afirmativo, **a que horas?**

Poderemos consultar outras bibliotecas? Sí Non

Temos acceso a Internet? Sí Non



Fai un plan

Propoñémosche

1. Plan de traballo individual

Podes utilizar unha ficha como a que segue para organizar o teu traballo individual e indicar as datas concretas en que farás cada tarefa.



Imprimir esta folla de traballo en: esdelibro.es

NOME		
TÍTULO PROVISIONAL		
PASO	TAREFAS	DATAS
As ideas	Preguntar ao profesor/a para organizar o traballo	
	Consultar enciclopedias e dicionarios na biblioteca do instituto para seleccionar palabras clave	
	Facer un diagrama para organizar os meus coñecementos previos sobre o tema	
As fontes	Buscar nos catálogos da biblioteca do instituto	
	Buscar nos catálogos da biblioteca do barrio	
	Buscar en Internet	
Os documentos	Seleccionar documentos	
A información	Ler textos	
	Sintetizar as informacións extraídas dos textos	
	Anotar en fichas os datos dos documentos, para localizalos de novo ou para citar as fontes ao final	
O guión	Completar o diagrama coa información obtida	
	Elaborar un guión do informe final onde se inclúan os capítulos que levará	
Citas e bibliografía	Organizar as notas de acordo cos capítulos do informe	
	Facer unha lista coa bibliografía utilizada	
O informe	Definir a forma definitiva do traballo: escrito, mural, exposición oral...	
	Redactar un borrador	
	Corrixir e comprobar o borrador	
	Pasar o traballo a limpo	
	Facer unha última revisión coa axuda dunha lista de control	
	Entregar	
A publicación en Internet	Publicar a miña investigación en esdelibro.es	

2. Plan de traballo en equipo

Podes utilizar unha ficha como a que segue para organizar o teu traballo en equipo; substitúe os encabezamentos «Nome» polos nomes dos membros do equipo. Neste caso haberá que repartir o traballo e anotar quen se encargará de cada tarefa ou cales farán todos xuntos.



Imprimir esta folla de traballo en: esdelibro.es

TÍTULO PROVISIONAL

PASO	TAREFAS	NOME	DATE	DATE	DATE
As ideas	Preguntar ao profesor/a para organizar o traballo				
	Consultar enciclopedias e dicionarios na biblioteca do instituto para seleccionar palabras clave				
	Facer un diagrama para organizar os meus coñecementos previos sobre o tema				
As fontes	Buscar nos catálogos da biblioteca do instituto				
	Buscar nos catálogos da biblioteca do barrio				
	Buscar en Internet				
Os documentos	Seleccionar documentos				
A información	Ler textos				
	Sintetizar as informacións extraídas dos textos				
	Anotar en fichas os datos dos documentos, para localizalos de novo ou para citar as fontes ao final				
O guión	Completar o diagrama coa información obtida				
	Elaborar un guión do informe final, onde se inclúan os capítulos que levará				
Citas e bibliografía	Organizar as notas de acordo cos capítulos do informe				
	Facer unha lista coa bibliografía utilizada				
O informe	Definir a forma definitiva do traballo: escrito, mural, exposición oral...				
	Redactar un borrador				
	Corrixir e comprobar o borrador				
	Pasar o traballo a limpo				
	Facer unha última revisión coa axuda dunha lista de control				
	Entregar				
A publicación en Internet	Publicar a miña investigación en esdelibro.es				



Avaliación. Como vas?

Recorda o que aprendiches, fórmulate as seguintes preguntas e comenta as túas conclusións co grupo:

Puxen en práctica estratexias para delimitar claramente os obxectivos e as condicións do meu traballo.

Resultoume fácil?

Que dificultades encontrei? _____

Como as solventei? _____

Comprendín e puxen en práctica distintas estratexias para organizarme á hora de planificar un traballo, xa sexa individual ou colectivamente.

Resultoume fácil?

Que dificultades encontrei? _____

Como as solventei? _____

Ao organizar o meu traballo tiven en conta o que se pode facer cos documentos e evitei planificar actuacións que vulnerasen os dereitos de autor.

Resultoume fácil?

Que dificultades encontrei? _____

Como as solventei? _____

Podes anotar as túas conclusións neste recadro:

Paso 4: as ideas



Claves para o profesor

Obxectivos

- Detectar e organizar as ideas previas e as dúbidas que van orientar a investigación.
- Saber descubrir e axustar as palabras clave correspondentes ao tema de investigación.
- Aprender a utilizar a técnica do diagrama mental para representar visualmente todo o anterior.
- Diferenciar conceptos xerais e específicos: saber ir do xeral ao particular e viceversa.

Plan de traballo

	PROPOÑÉMOSCHE		ADEMAIS		AVALIACIÓN
	Onde están as chaves da información?	Fai un diagrama	Bonecas rusas	Planetas e satélites	Autoavaliación
Actividades	Xogo	Documento e práctica	Xogo	Xogo	Pautas
	Os alumnos aprenden a formular palabras clave.	Os alumnos aprenden a técnica do diagrama mental.	Aprender a formular palabras clave.	Aprender a formular palabras clave.	Os alumnos reflexionan sobre o traballo feito neste paso.
Tempo	Unha sesión de clase: 50 minutos		Unha sesión de clase: 50 minutos		15 minutos
Nivel recomendado	1.º e 2.º ciclo ESO	Todos os ciclos	1.º ciclo ESO	1.º ciclo ESO	Todos os ciclos

Dificultades frecuentes

Unha vez que os alumnos elixiron un tema, é habitual que teñan dificultades para organizar os seus coñecementos previos e as súas preguntas, así como para transformar todo iso en palabras clave que permitan acceder á información. Tampouco soen ter desenvolvida a habilidade de utilizar palabras clave alternativas que amplíen ou reduzan o ámbito da busca de información.

Pensa en ©

Valora as túas ideas.

Recorda que estás facendo un traballo de creación. Polo tanto, valora as túas propias ideas e intuicións como algo orixinal e se consciente do esforzo que supón para os autores crear os documentos que estás utilizando.



Actividades

Que vas facer?

Sabes máis do que cres!

Cando te enfrontas ao tema dun traballo o máis frecuente é que xa teñas algunhas ideas, ben pola túa propia experiencia, porque liches algo sobre ese tema ou porque o viches na televisión. **Nesta unidade aprenderás a:**

- Recapitular o que xa sabes.
- Definir o que queres descubrir para profundizar no tema.
- Converter esas cuestións en palabras clave.
- Diferenciar conceptos xerais de conceptos específicos.
- Organizar os teus coñecementos e dúbidas nun diagrama.



Onde **están** as **chaves** da **información**?

Para facer a investigación terás que consultar documentos impresos, catálogos de biblioteca, buscadores, páxinas web... Cando usas unha enciclopedia ou o índice dun libro, buscas unha palabra por orde alfabética; cando usas un catálogo de biblioteca ou un buscador de Internet, tecleas unha ou varias palabras, etc. Son as palabras clave. Por exemplo, se estás facendo un traballo sobre a historia do libro impreso, as palabras clave serán libro, imprenta, historia.

Clave vén de chave, e iso significa que esas palabras actuarán como a chave que che abrirá a porta da información almacenada en cada documento.

Pero, ten cuidado! Debes estar preparado para elixir palabras clave alternativas se non obtés ningún resultado da túa consulta. Se non se che ocorren, pode ser útil consultar un dicionario ou un dicionario enciclopédico, en que encontrarás sinónimos ou termos relacionados. Por exemplo, na definición de «migración», é moi probable que encontres outras palabras clave da súa familia: «emigración» e «inmigración»; ou, se buscas «libro» nun dicionario enciclopédico, pode ser que encontres termos como «códice», «encadernación», etc., que che abrirán vías de investigación.

Na sopa de letras tes as palabras clave que corresponden aos seguintes títulos ou preguntas. Búscaas e completa o cadro:

TEMAS	PALABRAS CLAVE
A escaseza de auga potable en África	Auga potable, África
A civilización exipcia	Egipto, historia, civilización
Pódese percorrer toda Europa en tren?	Europa, ferrocarril
O cultivo de arroz na China	arroz, China, cultivo
Por que hai seca en España?	seca, España
É posible viaxar a Marte?	viaxes, Marte, exploración espacial



Imprimir esta folla de traballo en: esdelibro.es

W	F	E	R	R	O	C	A	R	R	I	L
G	H	N	J	Y	T	E	E	S	R	H	A
A	A	F	G	H	E	U	R	O	P	A	I
G	R	V	P	N	X	J	O	Ñ	Ñ	N	C
E	R	O	L	H	I	S	T	O	R	I	A
S	O	I	O	B	P	T	P	Ñ	V	G	P
P	Z	M	A	R	T	E	D	I	D	F	S
A	I	A	I	A	O	W	L	P	Q	C	E
Ñ	A	J	U	T	W	I	Q	O	S	E	N
A	R	U	F	T	Z	E	X	L	E	S	O
P	O	N	G	A	U	Q	S	T	Q	D	I
R	Y	V	C	A	H	A	X	R	U	D	C
W	D	I	F	F	P	B	Z	R	I	D	A
R	O	A	R	R	R	O	Z	E	A	Y	R
N	J	X	O	I	X	N	T	E	R	I	O
T	U	E	M	C	H	I	N	A	T	O	L
E	R	S	T	A	R	O	Y	T	B	M	P
U	H	T	V	E	F	P	D	E	G	L	X
C	U	L	T	I	V	O	X	X	Y	W	E

Agora, trata de localizar as palabras clave do teu tema de investigación e anótaas.

O meu tema:

Palabras clave:



Fai un diagrama

Propoñémosche

Os diagramas son moi útiles para recapitular o que sabes sobre un tema, así como o que queres saber. **Elabora un diagrama inicial que conteña os coñecementos previos e as preguntas que te fixes sobre o teu tema de investigación.**

Para facer o teu diagrama, sigue estes pasos.

a. Pensa no que sabes sobre o tema e no que queres saber. Todo diagrama parte dos coñecementos previos que se teñen sobre un tema concreto e do que se quere profundizar nel. Para organizar todo isto podes utilizar unha táboa como a seguinte:

Que sei sobre este tema?	Palabras clave
Que quero saber?	Palabras clave

Exemplo

TEMA: O libro

Que sei sobre este tema?	Palabras clave
Coñezo a súa forma e a súa organización	Libro, follas, encadernación, páxinas, capítulos, parágrafos, sumario, introdución, conclusión, imprenta, editorial, librería, estudo, ocio.
Teñen un ou máis autores	
Fabrícanse nas editoriais	
Imprímense nas imprentas	
Véndense nas librerías	
Utilízanse para estudar, entreterse, etc.	
Que quero saber?	Palabras clave
Quen inventou os libros? Cando? Por que?	Invención, libro, imprenta, reprodución, profesión, creación, publicación, mundo, España.
Inventouse a imprenta ao mesmo tempo? Quen a inventou?	
Que formas existen de facer copias de libros?	
Que profesións están relacionadas coa fabricación de libros?	
Que fai un autor para que a xente poida ler un libro que escribiu?	
Cantos libros se publican cada ano no mundo? E en España?	



Para facer un diagrama, debes proceder da seguinte maneira:

- Escribe o título ou tema central, dentro dun círculo, no centro da páxina.
- Fai saír dese círculo, en calquera dirección, tantas liñas como subtemas ou epígrafes se che ocorran relacionados co tema central. Encima ou debaixo desa liña escríbense as palabras clave que reflicten o contido do epígrafe.
- Destas liñas principais poden saír outras secundarias que recollen ideas secundarias. Desas liñas secundarias poden ramificarse, á súa vez, outras ideas ou conceptos.
- O diagrama non é definitivo ata que non se reelabora e se completa. Isto vaise facendo pouco a pouco.


b. Organiza os teus coñecementos e preguntas nun diagrama.

Unha vez sinaladas as túas ideas nunha táboa podes empezar a plasmalas de forma visual nun diagrama.

Xa estás listo para realizar o teu propio diagrama. Se queres, antes de empezar a facer o teu diagrama, podes fixarte no que elaboramos utilizando as palabras clave do exemplo anterior:

Exemplo

TEMA: O libro





Bonecas rusas

Ademais

Fixemos unha consulta en Internet utilizando a palabra clave «deportes». O resultado foi de... varios millóns de documentos! Será necesario concretar máis utilizando unha palabra clave, por exemplo, un deporte, que estea incluída dentro do tema xeral de deportes, e así poder facer unha consulta algo máis precisa. Poderías precisar máis os seguintes temas xerais especificando palabras clave incluídas neles?



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es

Exemplo: DEPORTES ACUÁTICOS:

waterpolo, esquí náutico, submarinismo, vela...

Agora, sigue ti.

MEDIOS DE TRANSPORTE:

RELIXIÓNS:

MAMÍFEROS:

MEDIOS DE COMUNICACIÓN:

MITOLOXÍA:

ARTE:



Planetas e satélites

Ademais

Que sarillo coas palabras clave! Resulta que buscamos no catálogo da biblioteca algún libro que trate sobre o mel de brezo e non encontramos ningún. Díxonos a bibliotecaria que se eliximos unha palabra clave demasiado precisa podemos encontrarnos con que non existen documentos. A solución sería englobar esta palabra clave nun tema máis xeral, por exemplo, mel, e repetir a consulta. Poderías agrupar estes termos arredor do concepto xeral que os engloba como se fosen satélites arredor dun planeta?

Exemplo:

Mosca, saltón, bolboreta, escaravello, grilo:

INSECTOS

Agora, sigue ti

Laranxa, limón, pomelo, lima, mandarina:

Dominó, damas, xadrez, cartas, parchís:

Vista, oído, tacto, gusto, olfacto:

Fémur, úmero, cráneo, clavícula:

Chuvia, anticiclón, tormenta, temperatura, vento, baixa presión:

Cerebelo, medula espinal, nervios, cerebro, bulbo raquídeo, hipófise:





Avaliación. Como vas?

Recorda o que aprendiches, fórmulate as seguintes preguntas e comenta as túas conclusións co grupo:

Aprendín a delimitar as palabras clave que definen o meu tema.

Resultoume fácil?

Que dificultades encontrei? _____

Como as solventei? _____

Fun capaz de comezar un diagrama sobre o meu tema de investigación.

Resultoume fácil?

Que dificultades encontrei? _____

Como as solventei? _____

Podes anotar as túas conclusións neste recadro:

Paso 5: as fontes



Claves para o profesor

Obxectivos

- Valorar as fontes máis adecuadas para buscar a información necesaria nunha investigación.
- Coñecer as bibliotecas (e outras «tecas»: hemeroteca, videoteca, mediateca) e as súas ferramentas: sistemas de clasificación, busca nos catálogos, uso da catalogación para localizar os documentos, interpretación dos rexistros bibliográficos.
- Mellorar o uso dos buscadores de Internet.
- Recoller datos dos documentos encontrados.

Plan de traballo

	PROPOÑÉMOSCHE			ADEMAIS	AVALIACIÓN
	As fontes	Visita unha biblioteca	Busca que busca	Que soes facer ti?	Autoavaliación
	Cuestionario	Práctica	Documento e práctica	Cuestionario	Pautas
Actividades	Os alumnos valoran as fontes máis adecuadas para a súa investigación.	Os alumnos coñecen os distintos servizos que ofrecen as bibliotecas no espazo real dunha biblioteca, escolar ou pública.	Os alumnos coñecen e practican a busca avanzada nun buscador de Internet.	Os alumnos reflexionan sobre os seus hábitos de busca de información.	Os alumnos reflexionan sobre o traballo feito neste paso.
Tempo	20 minutos	Unha mañá ou unha tarde, como mínimo	50 minutos	20 minutos	15 minutos
Nivel recomendado	Todos os ciclos	Todos os ciclos	1.º e 2.º ciclo ESO	Todos os ciclos	Todos os ciclos

Dificultades frecuentes

O principal problema co que se soen enfrontar os nosos alumnos nesta fase é o descoñecemento das diferentes fontes de información e especialmente daquelas que ofrecen unha organización e unha serie de ferramentas básicas para unha localización eficaz da documentación: bibliotecas, hemerotecas, videotecas, etc. Os alumnos soen desenvolverse con dificultade nestes centros de información, e é frecuente que busquen directamente nos estantes, xa que descoñecen a estrutura e a utilidade dos plans de clasificación e dos catálogos.

Por outro lado, está moi extendida a idea de que Internet permite encontrar toda a documentación necesaria. No entanto, a busca en Internet feita polos alumnos soe ser demasiado simple, o que implica que obteñan un número excesivo de resultados. Descoñecen a función de catálogo que teñen os buscadores, a súa estrutura e a súa utilización avanzada para obter resultados máis precisos.

Pensa en ©

Copia, fotocopia, corta e pega con moderación.

Se as bibliotecas e as hemerotecas conteñen tantos documentos é porque os seus autores os crearon no seu día. Cando che presten un documento nunha biblioteca respecta os dereitos do seu autor. Se fotocopias faino onde contes coa autorización de autores e editores.

O mesmo ocorre con Internet: que sexa sinxelo descargar un documento, ou cortar e pegar un texto, non significa que se poida facer de calquera maneira. Todos os documentos teñen un autor que ten dereito a que se respecte a súa creación.

A medida que vaias encontrando documentos debes ir anotando os seus datos para poder citalos se utilizas as súas informacións.



Actividades

Que vas facer?

Sabes como conseguir a información necesaria para facer o traballo?

Nesta unidade vas aprender a:

- Utilizar diferentes fontes de información, que poden ser desde persoas ata documentos escritos ou audiovisuais.
- Seleccionar as fontes máis adecuadas.
- Coñecer as bibliotecas e Internet.
- Anotar os datos básicos dos documentos encontrados.

Recordámosche que no Contrato do Investigador comprométieste a utilizar como mínimo as seguintes fontes: unha enciclopedia impresa ou electrónica (en CD ou en Internet), un libro sobre o teu tema de investigación, un artigo de revista ou xornal (se se publicou algo sobre o teu tema), unha páxina de Internet dun organismo que ofrezca suficientes garantías e unha páxina de Internet de imaxes (sempre que o teu tema de investigación se preste a isto).



As fontes

Propoñémosche

Pensa nas informacións que necesitas para a túa investigación e valora as fontes que cres que che resultarán máis útiles para facela.

	Moi importante	Importante	Pouco importante
Familia			
Amigos			
Profesores			
Enquisas			
Entrevistas			
Observación			
Experimentos			
Bibliotecas			
Enciclopedias			
Libros			
Dicionarios			
Internet			
Xornais			
Revistas			
Radio			
Televisión			

Que fonte vas utilizar?:



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es



Visita una biblioteca

Propoñémosche

Para poder facer a túa investigación terás que visitar unha biblioteca. Percorre os diferentes espazos; infórmate sobre o plan de clasificación que utilizan; entérate de como se usan os seus catálogos, como podes encontrar os libros ou os documentos, etc.

a. Busca no catálogo que documentos che convirá consultar para facer a túa investigación. Para iso, utiliza as palabras clave que encontraches sobre o teu tema.

b. Anota os datos das obras que encontraches e que che poden interesar.

Título provisional do traballo:

Tipo de información que necesito

(dependendo do traballo que che pediron: definicións, datos puntuais, diferentes opinións, ilustracións, etc.):

Obras que me poden interesar:

Autor:

Título:

Catalogación:

Autor:

Título:

Catalogación:

Autor:

Título:

Catalogación:

Autor:

Título:

Catalogación:



Todos os documentos que hai nunca biblioteca están organizados. Nela poderás usar tres ferramentas para localizar rapidamente un documento: o plan de clasificación, os manuais e a catalogación.

O plan de clasificación indica como se distribúen os libros nos estantes. O máis normal é que os libros que tratan sobre un mesmo tema estean colocados no mesmo estante. A maioría das bibliotecas clasifican os seus libros seguindo un plan chamado Clasificación Decimal Universal (CDU) e divide o coñecemento en dez temas xerais:

0 OBRAS XERAIS (diccionarios, enciclopedias...)	5 CIENCIAS EXACTAS E NATURAIS
1 FILOSOFÍA - PSICOLOXÍA	6 CIENCIAS APLICADAS
2 RELIXIÓN - MITOLOXÍA	7 ARTE - DEPORTES
3 CIENCIAS SOCIAIS	8 LINGUA – LITERATURA
4 (Clase baleira)	9 XEOGRAFÍA – BIOGRAFÍA - HISTORIA

Cada un destes temas, á súa vez, divídense noutros. Os temas xerais numéranse cunha cifra do 0 ao 9, mentres que as divisións destes temas numéranse con dúas cifras.

Os catálogos son conxuntos de fichas onde os bibliotecarios anotan os datos principais de cada documento que existe na biblioteca: apelidos e nome do autor, título, lugar, editor e ano de publicación, caracteres físicos –páxinas, ilustracións, etc.–, colección, notas bibliográficas, ISBN – número identificativo do libro- e temas que trata. En moitas bibliotecas hai dous tipos de catálogos: o manual e o automatizado. No catálogo manual podes consultar as fichas fisicamente, mentres que no automatizado podes consualas desde un ordenador dentro da biblioteca ou, se o catálogo está accesible por Internet, desde calquera ordenador.

Podes buscar un documento dun catálogo de varias formas. Se xa coñeces un documento concreto, localízao buscando no catálogo por autor ou por título. Se che interesa ver que documentos existen dun tema determinado, fai unha consulta por materia ou descritor e utiliza as palabras clave que seleccionaches para a túa investigación. Ademais, os catálogos soen ter unha lista propia de palabras clave, chamada lista de descritores ou de materias, coas que indican o tema dos documentos. Esa lista axudarache a precisar os termos que debes utilizar para buscar. En ocasións, tamén che permitirá enriquecer a túa lista de palabras clave con sinónimos, termos relacionados, etc.

A catalogación é un código que os bibliotecarios dan a cada documento da súa biblioteca para indicar onde está colocado. Poderás ver a catalogación dun libro na súa parte externa, nunha etiqueta que vai pegada no lombo. A catalogación componse de números e de letras:

- o número da Clasificación Decimal Universal,
- as tres primeiras letras do apelido do autor, en maiúsculas,
- as tres primeiras letras do título –sen artigos–, en minúsculas.

Nos estantes, os libros ordénanse, primeiro, polos números da clasificación ou polo xénero; despois, dentro de cada número, pola orde alfabética das tres letras do autor.



Busca que busca

Utiliza algún buscador de Internet para encontrar información válida para o teu traballo de investigación. Os buscadores de Internet son programas que nos axudan a encontrar páxinas sobre os temas que nos interesan. Ofrecénnos dúas posibilidades de busca:

- **A busca simple, onde introducimos as palabras clave sen establecer máis condicións.**
- **A busca avanzada, onde podemos establecer condicións que darán un resultado máis preciso.**



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es

Para anotar os resultados da túa busca en Internet, ademais de agregar as páxinas interesantes aos favoritos do teu explorador, podes utilizar unha ficha coma esta:

Título provisional do traballo:

Tipo de información que necesito (dependendo do traballo que che pediran: definicións, datos puntuais, diferentes opinións, ilustracións, etc.):

Páxinas web que me poden interesar:

Enderezo URL da páxina:

Nome do autor ou da organización responsable:

Enderezo URL da páxina:

Nome do autor ou da organización responsable:

Enderezo URL da páxina:

Nome do autor ou da organización responsable:

Enderezo URL da páxina:

Nome do autor ou da organización responsable:

Se te fixas na busca avanzada do Google, aparece unha ficha para establecer condicións que deben cumprir os documentos. Subliñamos as condicións que poden axudarte a precisar máis a busca.

Buscar resultados:

- Con todas as palabras
- Coa frase exacta
- Con algunhas das palabras
- Sen as palabras

Idioma: español

Buscar páxinas actualizadas:

- En calquera momento
- Nos últimos 3 meses
- Nos últimos 6 meses
- No último ano

Producir resultados en que os meus termos estean presentes:

- En calquera parte da páxina
- No título da páxina
- No contido da páxina
- No enderezo da páxina
- Nos vínculos cara a esa páxina



Que soes facer ti?

Ademais

En grupos de catro compañeiros, completade a táboa seguinte poñendo unha cruz no cadro correspondente cando a resposta sexa afirmativa.

	NOME 1	NOME 2	NOME 3	NOME 4	TOTAL
Soes ir á biblioteca cando menos unha vez ao mes?					
Vas á biblioteca para ler libros ou revistas que che gustan?					
Vas estudar?					
Vas consultar documentos para facer traballos?					
Utilizas o servizo de préstamo a domicilio?					
Utilizas Internet na biblioteca?					
Participas nalgunha das actividades que organiza a biblioteca?					

Sumade os datos dos distintos grupos e comentade os resultados.

Coñeces ben o que vos ofrecen as bibliotecas?

Aproveitades todas as oportunidades que ofrecen as bibliotecas?

Merecería a pena utilízalas máis?





Avaliación. Como vas?

Recorda o que aprendiches, fórmúlate as seguintes preguntas e comenta as túas conclusións en grupo:

- Reflexionei sobre o tipo de información que necesito e sobre as fontes máis adecuadas para busca?**

Aprendín a utilizar as ferramentas que me ofrecen as bibliotecas?:

- sistema de clasificación,
- busca nos catálogos,
- uso da catalogación para localizar os documentos,
- interpretación de datos dos rexistros bibliográficos.

- Aprendín maneiras máis efectivas de buscar información en Internet?**

- Tomei os datos de todos os documentos encontrados para poder citalos se os utilizo?**

Podes anotar as túas conclusións neste recadro:

Paso 6: os documentos



Claves para o profesor

Obxectivos

- Descubrir a utilidade dos diferentes documentos e dos seus puntos ricos en información.
- Aprender a explorar, a valorar e a seleccionar os documentos.
- Prever a recollida dos datos necesarios para citar os autores dos documentos seleccionados.

Plan de traballo

	PROPOÑÉMOSCHE				AVALIACIÓN
	Que soes facer ti?	Explora os documentos	Selecciona os documentos	Organiza os teus datos bibliográficos	Autoavaliación
Actividades	Cuestionario	Práctica	Cuestionario	Cuestionario	Pautas
	Os alumnos indagan sobre as súas habilidades na busca de información.	Os alumnos localizan a información esencial dos documentos.	Os alumnos valoran a pertinencia na información encontrada.	Os alumnos aprenden a organizar os seus datos en fichas.	Os alumnos reflexionan sobre o traballo feito neste paso.
Tempo	15 minutos	Unha sesión de clase: 50 minutos	15 minutos	Unha sesión de clase: 50 minutos	15 minutos
Nivel recomendado	1.º e 2.º ciclo ESO	1.º e 2.º ciclo ESO	Todos os ciclos	Todos os ciclos	Todos os ciclos

Dificultades frecuentes

A miúdo os alumnos esquecen que poden existir numerosos e variados documentos que satisfagan as súas necesidades de información. Tampouco soen ser moi esixentes e simplemente confórmanse cos dous ou tres primeiros que encontran.

Ademais, non coñecen estratexias para a exploración rápida do contido dos documentos nin para a valoración da súa utilidade. Aprender e practicar estas estratexias é básico na fase de selección.

Pensa en ©



Identifica adecuadamente os documentos.

Para poder citar os documentos en que te baseaches no teu traballo necesitarás os seus datos. Por iso é fundamental que nesta fase de selección de documentos vaias anotando todos os seus datos de identificación: para poder recorrer a eles cando elabores unha bibliografía.

Actividades

Que vas facer?

Sabes como seleccionar os documentos?

Nesta unidade vas:

- Descubrir os diferentes tipos de documentos que debes usar.
- Aprender algunhas estratexias para seleccionar os que realmente che interesan.
- Coñecer a forma máis eficaz de organizar os datos dos documentos utilizando fichas.

Que soes facer ti?

Propoñémosche

Hai moitísimos tipos de documentos: obras de consulta, libros, xornais, revistas, folletos, CD-ROMs, páxinas web, etc. Pero non todos os documentos son adecuados para as distintas necesidades de información que che poden xurdir ao longo do proceso de investigación.

Soes consultar o documento adecuado aos teus obxectivos ou, polo contrario, utilizas sempre o mesmo tipo de documentos? Contesta o seguinte cuestionario para facerte unha idea máis precisa de que tipo de documentos se axustan máis ás túas necesidades de información. Na columna da dereita pode haber máis dun documento válido.

Se necesitas...	Cal é o documento máis apropiado?
1...encontrar unha definición ou unha tradución.	a) Un dicionario
	b) Un libro
	c) Un atlas
2...encontrar un dato puntual.	a) Un atlas
	b) Unha enciclopedia
	c) Unha base de datos
3...obter datos xerais sobre un tema.	a) Unha base de datos
	b) Unha enciclopedia
	c) Un documental
4...profundizar no coñecemento dun tema.	a) Un dicionario
	b) Un libro monográfico sobre ese tema
	c) Unha páxina web
5...situar un lugar no mapa.	a) Unha páxina web
	b) Un atlas
	c) Un xornal
6...facen un seguimento dun asunto de actualidade.	a) Un xornal
	b) Unha película de ficción
	c) Un programa de radio
7...coñecer máis a fondo temas de actualidade.	a) Un programa de radio
	b) Unha canle informativa de TV
	c) Un plano
8...localizar a situación dunha rúa, dun edificio, etc.	a) Un plano
	b) Un atlas
	c) Unha guía de viaxes
9...conseguir información rápida sobre unha institución, un país.	a) Un libro monográfico
	b) Un folleto informativo
	c) Un libro

COMO CHE FOI?

Consulta a solución e valora o teu nivel de acertos

1. a) - 2. b) y c) - 3. b) y c) - 4. b) y c) - 5. b) - 6. a) y c) - 7. a) y b) - 8. a) - 9. b)

Se conseguiches entre 10 e 14 acertos: Noraboa! Sabes escoller o documento adecuado para as túas necesidades de información. Esta unidade axudache a perfeccionar aínda máis as túas habilidades de busca de información.

Se conseguiches entre 6 e 9 acertos: Pon atención de agora en diante! Os contidos desta unidade axudarache a enriquecer as túas habilidades de información.

Se conseguiches entre 0 e 5 acertos: É urxente que revises a túa forma de traballar! Coa axuda desta unidade, adquirirás as habilidades de información que necesitas.



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es



Explora os documentos

Explorar un documento consiste en localizar e ler de forma rápida os lugares onde se concentra a súa información esencial: o que denominamos puntos ricos en información.

Desta forma un pode facerse unha idea xeral acerca do seu contido sen chegar a lelo completamente.

Mediante a técnica da exploración, analiza os documentos que encontraches para o teu traballo en busca dos puntos ricos de información de cada un deles.



Imprimir esta folla de traballo en: esdelibro.es

AXUDA

Os puntos ricos en información

Cada un dos documentos impresos ten puntos ricos en información, que son os lugares onde se concentra a información esencial. Son os seguintes:

Nos libros:

- O **título**: dá unha primeira pista sobre o contido do texto.
- A **contracuberta**: contén un breve resumo do contido.
- O **sumario**: ofrece un esquema xeral do contido.
- A **introdución**: presenta o tema e, ás veces, explica como está estruturado o contido: os distintos apartados ou aspectos do tema que se van tratar, os capítulos, etc.
- A **conclusión**: nela sóense repetir as ideas máis importantes e sintetízase o esencial do texto.
- O **índice alfabético**: é un listado de palabras clave dos temas tratados no libro que remite ás páxinas do libro onde se abordan.

No interior do texto son tamén puntos ricos en información:

- A **primeira e a última frase de cada parágrafo**, onde frecuentemente se sintetiza a idea principal.
- As **palabras destacadas** en negra, cursiva ou calquera outro recurso de tipografía.
- Os **gráficos, ilustracións e esquemas**.
- As **fotografías e os seus epígrafes**.

Nos documentos xornalísticos son puntos ricos en información:

- Os **titulares**: títulos, antetítulos e subtítulos.
- As **entradillas**.
- Os **recadros**.
- As **frases postas entre comiñas**.
- As **fotografías e os seus pés de foto**.
- As **infografías**.
- Os **subtítulos** que dividen as informaciones extensas.
- As **fontes de información**.

Nas páxinas de Internet, ademais dos anteriores, son puntos ricos en información:

- A **URL ou enderezo** da páxina.
- O **encabezamento**: inclúe o título da páxina e indícanos onde estamos.
- O **corpo**: contén o texto, as ilustracións, etc.
- O **pé**: neles, cando existen, aparecen datos relativos ao responsable da páxina, a última data de actualización, o enderezo de correo electrónico, etc.
- Os **enlaces ou hipervínculos**: son palabras ou imaxes subliñadas e con cor que relacionan unhas páxinas con outras. O subliñado non se debe confundir coas ideas importantes.
- Os **marcos**: diferentes espazos en que aparecen divididas algunhas páxinas web e que presentan informacións independentes polas que podemos desprazarnos.
- O **mapa da web**: equivalente ao sumario, é un esquema onde se reflicten todos os contidos da páxina.

Selecciona os documentos

A valoración consiste en analizar unha serie de aspectos que nos permitirán seleccionar os documentos que, en definitiva, imos utilizar tras consideralos útiles e rexeitar os que consideramos pouco importantes.

Mediante a técnica da valoración e coa axuda do seguinte cuestionario analiza os documentos que encontraches para o teu traballo e selecciona os que realmente che interesan.

Cuestionario para valorar os documentos

Aplica este cuestionario a cada un dos teus documentos:

Contén este documento información sobre o meu tema de investigación? Si Non

Está actualizada a información? Si Non

É un nivel comprensible para min? Si Non

A extensión é adecuada ao tempo que teño para facer o traballo? Si Non

Ofrece o autor ou a fonte de información suficientes garantías de calidade e rigor? Si Non

VALORACIÓN FINAL:

Seleccionado

Non seleccionado



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es

Organiza os teus datos bibliográficos

Propoñémosche

As fichas bibliográficas serven para ter organizados os datos básicos dun documento: número que lle asignamos, título, autor, editorial, etc. Unha vez seleccionados os documentos que vas utilizar na túa investigación, rexistra os seus datos nunha ficha bibliográfica coa súa catalogación e co número de orde que ti lle asignes. A continuación, amosámosche algúns modelos de ficha que podes utilizar na túa investigación.



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es

ENCICLOPEDIAS, DICIONARIOS OU ATLAS

Documento n.º	
Título	
Lugar de publicación	
Editorial	
Año	
Volume (se é unha obra en varios volumes)	
Páxinas	
Biblioteca	
Catalogación	

LIBROS

Documento n.º	
Autor	
Título	
Lugar de publicación	
Editorial	
Año de publicación	
Capítulos que me interesan	
Páxinas que me interesan	
Biblioteca	
Catalogación	

ARTIGOS DE REVISTA

Documento n.º	
Autor	
Título do artigo	
Nome da revista	
Data de publicación	
Número da revista	
Páxinas en que aparece o artigo citado	
Biblioteca/hemeroteca	
Catalogación	

Respecta as túas fontes de información.

As fichas bibliográficas serven para organizar os documentos que seleccionaches para a túa investigación. Tamén che servirán para, ao final do teu traballo, citar nunha lista a todos os autores e documentos que utilizaches durante a túa investigación. Desta forma, expós as fontes en que te baseaches e o teu respecto polos dereitos de autor.

TEXTOS XORNALÍSTICOS

Documento n.º	
Autor	
Título do artigo	
Nome do xornal	
Data de publicación	
Páxinas en que aparece o texto	
Biblioteca/hemeroteca	
Catalogación	

VÍDEO

Documento n.º	
Autor	
Título	
Lugar de publicación	
Editor	
Ano de edición	
Duración	
Biblioteca/mediateca	
Catalogación	

CD-ROM

Documento n.º	
Autor	
Título	
Lugar de publicación	
Editor	
Ano de publicación	
Duración	
Biblioteca/mediateca	
Catalogación	

PÁXINA WEB

Documento n.º	
Nome do autor (ou, se non se encontra facilmente, o nome da organización responsable do sitio)	
Enderezo URL completo	
Data da última actualización da páxina	
Data de consulta da páxina	



Avaliación. Como vas?

Recorda o que aprendiches, fórmúlate as seguintes preguntas e comenta as túas conclusións co grupo:

- Descubrín que aspectos debo valorar para seleccionar os documentos verdadeiramente relevantes para a miña investigación?
- Aprendín a elaborar a ficha bibliográfica de cada un dos documentos para poder citalos adecuadamente e poder volver localizalos cando os necesite?

Podes anotar as túas conclusións neste recadro:

Paso 7: a información



Claves para o profesor

Obxectivos

- Utilizar estratexias de lectura adecuadas aos obxectivos que se perseguen e que permitan facer unha lectura comprensiva.
- Extraer a información e os datos que respondan aos obxectivos de investigación mediante diferentes técnicas.
- Anotar cada unha das fontes de información utilizadas para poder citalas e respectar así o dereito dos autores á propiedade intelectual.
- Comparar textos diferentes e facer sínteses en que se inclúa a información relevante.
- Distinguir nun documento os feitos das opinións.

Plan de traballo

	PROPOÑÉMOSCHE			ADEMAIS		AVALIACIÓN
	Es un lector crítico?	Encontrar respostas ás miñas preguntas	Anotar para citar	Comparar dous textos	Distinguir feitos e opinións	Autoavaliación
	Práctica	Práctica	Práctica	Práctica	Práctica	Pautas
Actividades	Os alumnos reflexionan sobre as súas dificultades e habilidades como lectores críticos.	Os alumnos practican a técnica da localización nun texto.	Os alumnos aprenden a organizar en fichas os fragmentos dos documentos que desexan citar.	Os alumnos exercitan a técnica de síntese e de refundición de dous textos diferentes.	Os alumnos exercítanse na lectura crítica e distinguen as informacións das opinións, coa valoración das últimas.	Os alumnos reflexionan sobre o traballo feito neste paso.
Tempo	20 minutos	20 minutos	Unha sesión de clase: 50 minutos	15 minutos	Unha sesión de clase: 50 minutos	30 minutos
Nivel recomendado	2.º ciclo ESO e bacharelato	1.º e 2.º ciclo ESO	Todos os ciclos	1.º e 2.º ciclo ESO	2.º ciclo ESO e bacharelato	Todos os ciclos

Dificultades frecuentes

Os problemas máis frecuentes que se poden presentar nesta fase relaciónanse co descoñecemento das diferentes estratexias de lectura e de escritura. Cando os alumnos len un texto soen ter dificultades para comprender e para sintetizar a información relevante, para diferenciar os feitos das opinións e para organizar os datos que foron encontrando. Este proceso é básico para poder incorporar estes datos no seu traballo final respectando os dereitos de autor.

Por iso se propoñen nesta unidade unha serie de actividades cuxo obxectivo é que os alumnos aprendan e exerciten as habilidades básicas relacionadas coa lectura en profundidade dos documentos e coa extracción e a síntese de información, así como coa incorporación aos seus coñecementos previos das novas ideas adquiridas.

Pensa en ©

Cita a outros autores cando reproduzas fragmentos das súas obras.

Nos teus traballos de investigación é normal que te apoies nas opinións e nos datos que outros investigadores publicaron antes ca ti. Podes utilizar fragmentos dos seus textos, pero debes ser respectuoso con estes autores e co dereito á propiedade intelectual. Así, pois, anota sempre de onde procede a información que estás consultando para poder citala no teu traballo.



Actividades

Que vas facer?

Non tiveches, ás veces, a sensación de que ante tanta información dispoñible afogas nun mar de datos?

Para que non corras perigo de afogar nun mar de datos practica as estratexias que che propoñemos nesta unidade. Con elas, ademais, aprenderás a chegar ao fondo da información. **Neste paso:**

- Localizarás a información que necesitas nos textos seleccionados.
- Farás unha lectura dos documentos en profundidade, comprensiva e crítica.
- Aprenderás a distinguir nun texto os feitos das opinións.
- Coñecerás a maneira de organizar en fichas as citas dos autores que estás consultando durante a túa investigación.



Es un lector crítico?

Propoñémosche

Completa o seguinte test.



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es

1. Cuando les un documento, tes en conta quen é o seu autor?
 a) Sempre b) Algunhas veces c) Nunca
2. Se o documento provén dalgún medio de comunicación, fíxaste se o xornalista nomea as súas fontes de información?
 a) Sempre b) Algunhas veces c) Nunca
3. Cando os documentos se refiren a feitos históricos ou de actualidade, procuras contextualizar estes feitos (autor, lugar, época, etc.)?
 a) Sempre b) Algunhas veces c) Nunca
4. Segundo les os documentos, pensas en cal é o teu punto de vista e se estás de acordo ou non cos datos e coas opinións que se expoñen?
 a) Sempre b) Algunhas veces c) Nunca
5. Gústache buscar documentos que ofrezan distintos enfoques ou que adopten diferentes perspectivas acerca do teu tema de investigación?
 a) Sempre b) Algunhas veces c) Nunca
6. Es capaz de darte conta de cando nun documento se defende unha idea determinada?
 a) Sempre b) Algunhas veces c) Nunca
7. Es capaz de identificar a intención comunicativa do autor nun documento; por exemplo, se quere convencerche de algo ou venderche algo?
 a) Sempre b) Algunhas veces c) Nunca
8. Resúltache fácil identificar o conflito que formula un texto?
 a) Sempre b) Algunhas veces c) Nunca
9. Ocorrénseche solucións a eses conflitos?
 a) Sempre b) Algunhas veces c) Nunca
10. Algunha vez, segundo les un texto, fuches consciente das emocións e dos sentimentos que ese texto provocou en ti como lector?
 a) Sempre b) Algunhas veces c) Nunca

COMO CHE FOI?

Se tiveches 10 respostas a):

Noraboa! Tes boas aptitudes de base para a lectura crítica. Neste paso poderás afianzalal e amplialal.

Se as túas respostas a) están entre 5 e 10:

Podes mellorar bastante a túa forma de te enfrentar criticamente a un documento. Fai as actividades deste paso e aumentarás a túa actitude crítica.

Se as túas respostas a) son menos de 5:

Coidado! Poden pasarche inadvertidos moitos aspectos básicos dun documento. Presta atención ás actividades que che propoñemos neste paso para ampliar e afianzar as túas habilidades como lector crítico.



Encontrar respostas ás miñas preguntas

Propoñémosche

Nos documentos búscase a información que serve para a túa investigación. Aplica esta técnica aos teus documentos.

a. Numera as túas preguntas.

b. Busca nos teus documentos seleccionados a resposta a cada pregunta. Rexistra a información que localizaras como resposta ás túas preguntas iniciais nunha táboa coma esta:

As miñas preguntas iniciais	Respostas encontradas	Documentos en que teño a resposta



Imprimir esta folla de traballo en: esdelibro.es



Pensa en ©

Se fotocopias ou escaneas, se legal

Recorda que só é posible fotocopiar ou escanear legalmente páxinas de libros ou revistas de dúas maneiras: ou ben na túa casa, co teu propio escáner ou fotocopidora (sempre que o fagas para o teu exclusivo uso privado), ou ben en copisterías, bibliotecas, centros de ensino, etc., que contén coa autorización dos autores e dos editores, é dicir, coa licenza de reprodución de CEDRO.



Anotar para citar

Propoñémosche

Ao ler os documentos, podes marcar algunha cita e copiala despois nunha ficha onde terás que anotar tamén os datos do documento do que a copiaras. Estas fichas de citas servirán para incluír nos teus traballos citas literais postas entre comiñas dos autores cuxas obras consultaches. Utiliza esta ficha para anotar a cita que seleccionaches e o documento do que procede.

Fragmento seleccionado

Autor

Título

Lugar de publicación

Editorial

Ano de publicación

Páxina en que aparece o fragmento





Comparar dous textos

Ademais

Ao facer a túa investigación, moitas veces encóntraste con dous ou máis documentos que tratan sobre o mesmo tema.

É necesario, pois, facer unha síntese en que se reflectan as informacións que ambos os dous textos teñen en común e aquelas que son diferentes.

Para aprender a facer unha síntese, sigue a seguinte secuencia.



Imprimir esta folla de traballo en: esdelibro.es

- Le os dous textos.
- Sinala as ideas principais e secundarias de cada un.

TEXTO 1	TEXTO 2
IDEAS PRINCIPAIS	IDEAS PRINCIPAIS
IDEAS SECUNDARIAS	IDEAS SECUNDARIAS

- Pensa cal é o tema común de ambos os dous textos.

- Anota e ordena as informacións que sexan comúns e as que sexan diferentes.

INFORMACIÓNS COMÚNS	
INFORMACIÓNS DIFERENTES	
TEXTO 1	TEXTO 2

- Axudándote das túas notas, redacta a síntese de ambos os dous textos.



Distinguir feitos e opinións

Ademais

Algúns documentos (os ensaios ou os textos xornalísticos, por exemplo) non só expoñen feitos, procesos, accións, etc., senón que explican tamén teorías ou defenden opinións. Nestes casos un bo traballo de investigación debe deixar constancia delas comentándoas desde un punto de vista persoal. Aplica esta estratexia á túa investigación seguindo a seguinte secuencia.

- Le un dos documentos que seleccionaches.
- Distingue nel o que é información (sobre feitos, procesos, accións, etc.) do que son opinións (do autor ou autores do documento).

TEXTO 1	INFORMACIÓNS
	OPINIÓNS

- Enumera os argumentos que se defenden e escríbeos sinalando a fonte da que proceden e facendo unha primeira valoración persoal deses argumentos.

ARGUMENTOS	EMISORES
VALORACIÓN PERSOAL	

- Agora fai o mesmo co resto de documentos. Anota as conclusións da mesma maneira.



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es

Deixa sempre constancia das túas fontes de información.

Sempre que manexes unha información indica onde a atopaches; sempre que utilices argumentos que non sexan teus identifica que persoa ou entidade emitiu esa opinión e se estás de acordo ou non con ela.

Non plaxies ningunha opinión. Non te apropiés do que non é teu. Se utilizas a obra doutro autor para un traballo, non esquezas citalo. Utiliza sempre as estratexias que che propuxemos para a lectura crítica e deixa moi claro que ideas son túas e cales non.



Avaliación. Como vas?

Recorda o que aprendiches, fórmúlate as seguintes preguntas e comenta as túas conclusións co grupo:

- Descubrín as habilidades de lectura crítica que adoito usar normalmente ao enfrontarme aos textos e outros documentos?
- Aprendín a localizar nos documentos a información precisa que necesito?
- Aprendín a anotar as ideas dun documento e a citalo adecuadamente?
- Aprendín a comparar dous textos e a sintetizar a información?
- Souben distinguir nos documentos os feitos das opinións?

Podes anotar as túas conclusións neste recadro:

Paso 8: o guión



Claves para o profesor

Obxectivos

- Confrontar e organizar as distintas informacións e opinións recollidas para obter unha visión de conxunto do tema investigado.
- Facer o guión do seu traballo.

Plan de traballo

	PROPOÑÉMOSCHE		AVALIACIÓN
	Termina o teu diagrama	Fai o guión	Autoavaliación
	Documento e práctica	Documento e práctica	Pautas
Actividades	Os alumnos completan o diagrama mental do seu traballo.	Os alumnos dan forma definitiva ao seu guión a partir do seu diagrama.	Os alumnos reflexionan sobre o traballo feito neste paso.
Tempo	15 minutos	15 minutos	30 minutos
Nivel recomendado	Todos os ciclos	Todos os ciclos	Todos os ciclos

Dificultades frecuentes


Os alumnos soen ter dificultades á hora de sistematizar toda a información que foron recopilando nas fases anteriores do traballo de investigación polo que, frecuentemente, parte dela pérdese.

É importante que utilicen as habilidades adquiridas nas etapas anteriores para elaborar un guión completo que reflicta toda a riqueza do seu proceso de investigación.

Pensa en ©

Fai teus os achados da túa investigación.

Neste paso deberás intentar que o teu guión reflecta ao máximo posible os achados da túa investigación e darlle un enfoque persoal.



Actividades

Que vas facer?

Preguntácheche algunha vez que podes facer para que o teu traballo reflecta todos os aspectos relevantes do tema que estás analizando?

Ás veces parte das informacións que conteñen os documentos de consulta pérdense ou esquécense no proceso. Para que isto non che suceda **vas aprender neste paso a:**

- Completar o teu diagrama.
- Elaborar o guión definitivo.



Termina o teu diagrama.

Propoñémosche

Coa lectura dos documentos os teus coñecementos ampliáronse. Agora podes completar o diagrama que fixeches ao principio (Paso 4) coas novas informacións que fuches obtendo. Xa contas con moita máis información que tes que integrar de forma clara e ordenada nun texto persoal.

Para facelo, procede da seguinte forma.



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es

- Toma o diagrama que elaboraches anteriormente.
- Escribe as novas informacións que teñas na rama correspondente do diagrama, segundo o seu tema.
- Pode ser que encontraras algún concepto novo e interesante que che obrigue a abrir algunha nova rama. Faino, se é necesario, para poder consignar outras ideas complementarias.
- Cando consideres que o esquema está definitivamente terminado podes tomalo como base para o teu guión.

Este diagrama será a ferramenta que che permitirá, en momentos máis avanzados do proceso, perfilar, completar e enriquecer o guión do teu traballo.

Recorda os seguintes consellos:

- Deixa moi claro que ideas son túas e cales non.
- Non copies fragmentos de texto longos, para evitar que o teu traballo sexa un «recorta e pega».
- Valora e respecta as achegas dos autores dos documentos que utilizaches e indica sempre as túas fontes de información.



Fai o guión

Propoñémosche

Tendo en conta o diagrama que completaches, define o guión do informe que vas elaborar. Para axudarte, sigue estas etapas.


AXUDA

A forma máis utilizada para expoñer as conclusións dunha investigación é o informe, texto expositivo en que se presentan de forma clara e ordenada distintas informacións (datos, feitos, conclusións, etc.) e que ten como finalidade demostrar os coñecementos que a persoa posúe acerca do tema obxecto de investigación, os traballos e as fontes consultadas e as conclusións ás que se chegou ao longo do proceso de investigación.

- Dá un título provisional ao teu traballo.
- Sinala o título dos diferentes capítulos, apartados e subapartados, organizados segundo as ramas que inclúches no teu diagrama.
- Volve revisar o guión do teu traballo e cotéxao coas notas que ata agora fuches tomando para cerciorarte de que non falta nada e de que realmente este guión satisfáiche.
- Revisa tamén se tiveches en conta todos os aspectos necesarios do teu tema en función dos obxectivos que definiras previamente para o teu traballo (que é o que queres comunicar, a quen vai dirixido, etc.).

Agora amosámosche un exemplo do paso de diagrama a guión.

DIAGRAMA:



Imprimir esta folla de traballo en: esdelibro.es

GUIÓN:

Título provisional do traballo: O Libro

Capítulos:

1. Historia dos libros

1.1. Os libros na Antigüidade

1.2. Os libros medievais

1.3. A invención da imprenta

1.3.1. O primeiro libro impreso

1.3.2. A imprenta en España

.....

2. Como se fabrican?

3. A forma dos libros

4. Organización do contido

5. Como chegan os libros aos lectores?



Avaliación. Como vas?

Recorda o que aprendiches, fórmulate as seguintes preguntas e comenta as túas conclusións co grupo:

Completei o meu diagrama.

- Resultoume fácil?
Que dificultades encontrei? _____
Como as solventei? _____

Transformei o meu diagrama nun guión de traballo.

- Resultoume fácil?
Que dificultades encontrei? _____
Como as solventei? _____

Podes anotar as túas conclusións neste recadro:

Paso 9: se orixinal



Claves para o profesor

Obxectivos

- Aprender a citar as fontes de información co fin de respectar en todo momento a propiedade intelectual dos autores.
- Coñecer a maneira correcta de parafrasear un texto sen que se perda o seu significado orixinal.
- Aprender a confeccionar unha bibliografía.

Plan de traballo

	PROPOÑÉMOSCHE			AVALIACIÓN
	Citar	Parafrasear	A bibliografía	Autoavaliación
	Práctica	Práctica	Práctica	Pautas
Actividades	Os alumnos aprenden a citar adecuadamente os documentos.	Os alumnos aprenden a parafrasear adecuadamente un texto.	Os alumnos aprenden a elaborar a bibliografía final do seu traballo.	Os alumnos reflexionan sobre o traballo feito neste paso.
Tempo	15 minutos	15 minutos	30 minutos	15 minutos
Nivel recomendado	Todos os ciclos	2.º ciclo ESO e bacharelato	Todos os ciclos	Todos os ciclos

Dificultades frecuentes

É moi común que os traballos de investigación dos alumnos, incluso os bos traballos, non reflectan adecuadamente as súas fontes de información ou o fagan de forma parcial. Por iso nesta fase é importante que aprendan as diferentes maneiras de incorporar ao seu traballo as fontes de información consultadas durante a súa investigación.

Pensa en ©



Pensa que copiar, imitar ou plaxiar son cousas diferentes.

O plaxio é un delito que consiste en apropiarse das ideas e producións doutros ocultando a súa orixe e violando, polo tanto, o dereito á propiedade dos autores. Unha creación orixinal, en cambio, é aquela que, aínda que se basee en coñecementos e investigacións anteriores, achega algo novo: unha idea que complementa o tema, un novo enfoque, unha nova interpretación, unha síntese ou recompilación orixinal, etc.

Nas conclusións do teu traballo debes citar todos os autores dos que tomaras informacións, citas textuais, imaxes, etc.

Actividades

Que vas facer?

Realmente, non hai nada novo baixo o sol.

As novas ideas, as creacións, os inventos, etc., parten sempre doutros modelos anteriores. É lícito, polo tanto, que ao comezo das túas aprendizaxes imites, por exemplo, o estilo dun autor ou reproduzas experimentos ou experiencias realizadas xa por outros investigadores. Tamén podes copiar fragmentos de texto ou reproducir gráficos ou outras informacións sacadas de documentos doutros autores cando ninguén pode dicilo mellor ca eles. Pero isto debes facelo baixo certas condicións, co fin de respectar en todo momento o dereito á propiedade intelectual dos autores. **Nesta unidade vas aprender a:**

- Citar fragmentos de textos doutros autores.
- Parafrasear documentos.
- Elaborar unha bibliografía final.

Citar

Citar consiste en copiar literalmente algún fragmento dun autor. Sempre que cites recorda que debes escribir entre comiñas o fragmento citado e engadir unha nota bibliográfica ao final.

Agora, revisa as notas que tomaches anteriormente e proba a facer algunha cita cos documentos que seleccionaches para a túa investigación. Podes basearte nestes exemplos.

AXUDA

Cando insiras citas no teu borrador, poderás facelo de dúas formas:

Cita ao pé de páxina ou ao final do capítulo

Copia o fragmento da obra que che interesa. Escríbeo entre comiñas ou en letra cursiva e fai ao final unha chamada, (1).

Exemplo:

«Na miña opinión, o que fai que unha ciencia avance é precisamente a vontade de non se aferrar a algo que un día funcionou suficientemente ben e que nos conduciu ata o lugar onde hoxe estamos, pero que xa non funciona igual de ben e que nos mantén nun punto morto» (1).

Despois, escribe a pé de páxina ou ao final do capítulo o número de chamada (1) e ao lado a fonte da que tomaches a cita:

(1) Geertz, Clifford, *Los usos de la diversidad*. Barcelona: Paidós/ICE/UAB, 1996, p. 123. (Trad. Alberto Taberna).

Cita na bibliografía final

Copia o fragmento que che interesa e escribe ao final, entre parénteses, o nome do autor e o ano de publicación do documento do que tomaches a información. Esta forma de cita é útil se usas o mesmo formato na bibliografía final.

Exemplo:

«Na miña opinión, o que fai que unha ciencia avance é precisamente a vontade de non se aferrar a algo que un día funcionou suficientemente ben e que nos conduciu ata o lugar onde hoxe estamos, pero que xa non funciona igual de ben e que nos mantén nun punto morto» (Geertz, 1996).

Na bibliografía final debería aparecer así:

Geertz, C. (1996): *Los usos de la diversidad*. Barcelona: Paidós/ICE/UAB, 1996, p. 123. (Trad. Alberto Taberna).



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es



Parafrasear

Propoñémosche

Parafrasear consiste en dicir unha idea expresada antes por outro autor, pero coas túas propias palabras.



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es

EXEMPLO

Texto dun dos teus documentos seleccionados

«Na miña opinión, o que fai que unha ciencia avance é precisamente a vontade de non se aferrar a algo que un día funcionou suficientemente ben e que nos conduciu ata o lugar onde hoxe estamos, pero que xa non funciona igual de ben e que nos mantén nun punto morto» (Geertz, 1996).

O teu texto

O progreso científico produciuse sempre grazas a actitudes que cuestionan o establecido e afirman que existe outra forma mellor de facer as cousas, en opinión de Geertz (1).

Agora vas aprender a parafrasear e a utilizalo no teu propio traballo de investigación. Sigue estes pasos:

- Identifica aqueles documentos da túa investigación dos que vas citar algún fragmento no teu informe final.
- Agora, explica nun texto propio o mesmo que o autor do documento que liches, pero utilizando as túas propias palabras.

Para parafrasear correctamente, podes empregar algunhas fórmulas como: «de acordo con...», «segundo afirma...», «na opinión de...», «como sinala...», «segundo demostra...», etc.

- Usa esta lista de control para revisar que parafraseaches correctamente:

- Entendín ben o texto orixinal?
- Nalgún momento atribuío ao autor do texto algo que non di?
- Estou sendo fiel á idea orixinal que o autor quixo transmitir, aínda que a utilice nun contexto diferente?
- Utilizo o mesmo ton e rexistro lingüístico do texto orixinal?
- Introducín os cambios lingüísticos necesarios para expresar o contido do documento coas miñas propias palabras (uso de termos equivalentes, palabras que me gustan máis ou entendo mellor, cambio de certas estruturas gramaticais, etc.)?

- Comproba que tamén mencionaches o nome do autor cuxa idea expresaches, posto que terás que incluír a referencia no pé de páxina, ao final do capítulo ou na bibliografía final.

A bibliografía

Propoñémosche

Ao presentar as conclusións da túa investigación deberás citar a todos os autores ou fontes das que tomaras informacións, citas textuais, gráficos, etc. Para iso, ao final do teu informe, debes incluír unha lista cos datos de todos os documentos utilizados. Esta lista é a bibliografía. Volve revisar a túa investigación -fichas, anotacións, esquemas...- para cerciorarte de que non plaxiaches ningunha idea de forma inconsciente. Valora tamén as achegas túas que che parezan realmente orixinais. Agora fai a lista bibliográfica, onde deberás incluír os autores de todos os documentos en que te basearas. Axúdate con estes exemplos:



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es

a. Libros. Fai unha lista de todos os libros consultados e citaos na bibliografía dunha destas formas:

APELIDO DO AUTOR, Inicial/is do nome. <i>Título.</i> Lugar de publicación: Editor, ano de publicación.	CERVANTES SAAVEDRA, M. de. <i>Don Quijote de La Mancha.</i> Madrid: Biblioteca Nueva, 2006.
APELIDO DO AUTOR, Inicial/is do nome (ano de publicación). <i>Título.</i> Lugar de publicación: Editor	CERVANTES SAAVEDRA, M. de (2006). <i>Don Quijote de La Mancha.</i> Madrid: Biblioteca Nueva.

b. Artigos de enciclopedia. Reúne todos os artigos de enciclopedia que utilizaches e citaos así:

Título do artigo. <i>Título da enciclopedia.</i> Lugar de publicación: Editor, ano de publicación, volumen da enciclopedia, n.º da primeira páxina do artigo - n.º da última páxina.	Cervantes, Miguel de. <i>Diccionario Enciclopédico Salvat.</i> Barcelona: Salvat Editores, 1972, vol. 3, pág. 149.
---	--

c. Artigos de revista, xornal, etc. Enumera os artigos de revistas ou xornais da seguinte forma:

APELIDO DO AUTOR, Inicial/is do nome. <i>Título do artigo. Título da revista,</i> ano de publicación, número da revista, n.º da primeira páxina do artigo - n.º da última páxina.	AYALA, F. "Todo ya en el Quijote". <i>Ínsula</i> , 1991, n.º 538, páxs. 38-39.
---	--

Tamén poderías poñer o ano de publicación entre parénteses detrás do nome do autor, como na segunda opción que vimos para citar un libro. AYALA, F (1991). "Todo ya en el Quijote". *Ínsula*, n.º 538, páxs. 38-39.

d. Páxinas web. Por último, consigna todas as páxinas web que consultaras e indica, cando menos menos, o seu enderezo e a data de consulta.

Don Quijote de la Mancha.	http://es.wikipedia.org/wiki/Don_Quijote_de_la_Mancha Consulta: 23 de abril de 2006.
---------------------------	---



Avaliación. Como vas?

Recorda o que aprendiches, fórmulate as seguintes preguntas e comenta as túas conclusións co grupo:

Descubrín como facer citas textuais indicando a fonte.

Resultoume fácil?

Que dificultades encontrei? _____

Como as solventei? _____

Aprendín a parafrasear respectando ©.

Resultoume fácil?

Que dificultades encontrei? _____

Como as solventei? _____

Aprendín a elaborar a bibliografía do meu traballo de investigación.

Resultoume fácil?

Que dificultades encontrei? _____

Como as solventei? _____

Podes anotar as túas conclusións neste recadro:

Paso 10: o informe



Claves para o profesor

Obxectivos

- Ensinar ao alumno os distintos tipos de informe e as súas utilidades.
- Relacionar as informacións recollidas coas informacións doutros textos, con outros coñecementos previos e coa experiencia persoal para redactar un texto orixinal.
- Redactar un informe de investigación ordenado e coherente seguindo as fases necesarias para a súa elaboración (redacción do borrador e versión definitiva).
- Construír e expresar adecuadamente as ideas propias por escrito.
- Coñecer as características e estratexias para facer unha exposición oral e un panel ou mural.

Plan de traballo

	PROPOÑÉMOSCHE				ADEMAIS		AVALIA- CIÓN
	Pensa como vai ser o teu informe	Fai un borrador	Redacta o teu informe	Comproba que...	A exposición oral	O panel ou mural	Autoavaliación
	Práctica	Práctica e cuestionario	Práctica e cuestionario	Cuestionario	Documento	Documento	Pautas
Actividades	Os alumnos revisan as distintas formas de presentar as conclusións da súa investigación e aprenden os aspectos dun informe escrito.	Os alumnos redactan o borrador do seu traballo e van corrixíndoo.	Os alumnos axustan a estrutura do seu traballo de investigación á estrutura dun informe escrito.	Os alumnos revisan o seu informe conforme a unha lista de control.	Os alumnos aprenden todos os aspectos que deben ter en conta e as estratexias necesarias para facer unha exposición oral do seu traballo de investigación	Os alumnos coñecen as características dun bon mural.	Os alumnos reflexionan sobre o traballo feito neste paso.
Tiempo	Variable	Variable	Variable	15 minutos	Unha sesión de clase: 50 minutos	20 minutos	15 minutos
Nivel recomendado	Todos os ciclos	Todos os ciclos	Todos os ciclos	Todos os ciclos	Todos os ciclos	Todos os ciclos	Todos os ciclos

Dificultades frecuentes

Un bo traballo de investigación pode perderse se os alumnos expoñen as súas investigacións de forma desordenada ou incompleta.

Ás veces por descoñecemento, ou en ocasións por querer terminar demasiado rápido esta fase da investigación, os alumnos non son capaces de sacar todo o partido ao traballo feito nas etapas anteriores. Para solventar estes problemas, danse neste paso algúns consellos sobre a forma de presentación do traballo escrito e a súa redacción definitiva.

Pensa en ©

Como creador, tamén tes os teus dereitos.

Debes tomar conciencia do esforzo que che supuxo levar a cabo a túa investigación. Ti tamén es un creador e, como tal, tes uns dereitos que os demais deben respectar.



Actividades

Que vas facer?

Xa sabes como dar forma ás informacións que tomaches das distintas fontes consultadas. Trátase de que crees agora algo novo a partir de todo o conxunto de informacións recollidas.

Por iso, neste paso:

- Pensarás na mellor maneira de presentar os resultados da túa investigación.
- Farás o primeiro borrador do teu traballo tendo en conta as características do informe de investigación e as normas básicas de redacción.
- Redactarás a versión final do teu informe.
- Farás unha corrección final do traballo de investigación.
- Aprenderás a organizar unha exposición oral e un panel ou mural.

Pensa **como** vai **ser** o **teu** informe

Propoñémosche

Para facer públicas as conclusións do teu traballo de investigación, podes utilizar varias formas (texto escrito, texto oral, información gráfica...), en que predominan diferentes tipos de información. A elección dunha ou outra depende de varios elementos:

- A información que queres transmitir.
- A intención coa que queres comunicar.
- O público ao que te vas dirixir.

Agora pensa na túa investigación e sigue estes pasos.



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es

a. Define os aspectos que figuran nesta táboa:

QUE QUERO COMUNICAR?	A QUEN ME VOU DIRIXIR?	COMO O VOU FACER?
Cal é a miña intención?	Compañeiros de clase	Forma de presentación do traballo: papel, formato electrónico, audiovisual...
	Profesor ou profesora	Forma de exposición elixida: artigo xornalístico, ensaio, discurso...
	Público especializado	Enfoque: xeral, parcial, exhaustivo...
	Público xeral	Linguaxe adecuada: culta, coloquial, familiar...
	Etc.	Ton predominante: serio, irónico, humorístico...

Por exemplo:

QUE QUERO COMUNICAR?	A QUEN ME VOU DIRIXIR?	COMO O VOU FACER?
Explicar a miña investigación aos meus compañeiros de clase de forma que se interesen polo tema do meu traballo.	Aos meus compañeiros de clase.	Forma de presentación do traballo: formato electrónico (PowerPoint)
		Forma de exposición elixida: informe
	Cando o publique, aos visitantes da páxina esdelibro.es.	Enfoque: parcial
		Linguaxe adecuada: coloquial
		Ton predominante: serio

A información gráfica tamén ten dono.

A información gráfica (debuxos, esquemas, fotografías, infografía, planos, mapas, etc.) tamén pode ser unha propiedade intelectual dunha persoa ou dunha empresa. Por iso, antes de incluíla nun traballo, débete informar sobre as condicións do seu uso, pedir autorización aos seus creadores para usala e citalos, tanto a eles como ás fontes orixinais.

b. Pensa na información gráfica que podes utilizar.

Os esquemas, fotografías, debuxos, esbozos e gráficos constitúen un importante complemento dos textos ou incluso poden ser as informacións predominantes. Por iso debes incluír este tipo de información, que pode ser de elaboración propia ou tomada de diferentes fontes. Pensa no tipo de información gráfica que podes incluír no teu traballo final tendo en conta a forma de presentación que vas utilizar:

- Fotografías propias.
- Fotografías doutras fontes.
- Gráficos propios.
- Gráficos doutras fontes.
- Esquemas de elaboración propia.
- Esquemas tomados doutros autores.
- Debuxos propios.
- Debuxos doutros autores.



Fai un borrador

Propoñémosche

O borrador é a primeira versión dun texto, sobre a que farás cambios e correccións. Elabórase a partir do guión. A medida que vas introducindo correccións terás unha nova versión do borrador, polo que che interesa ir numerándoas.



Imprimir esta folla
de traballo en:
esdelibro.es

- Toma o teu guión (que terminaches no paso 8).
- Empeza a redactar os parágrafos que desenvolven todas as ideas que fuches incluíndo nel.
- Segundo vaias redactando os distintos apartados fai unha primeira corrección deles:

- Fai unha primeira lectura do conxunto fixándote exclusivamente no desenvolvemento das ideas.

Enténdese o que quixeches expresar?

Ten unha orde lóxica?

Falta algo?

Citaches as fontes en que te baseaches?

Repítese demasiadas veces a mesma idea? Sobra algo?

Este parágrafo iría mellor noutro sitio?

Na marxe podes anotar: engadir, reducir, suprimir ou mover.

- Toma o borrador e comproba que nel se desenvolven os distintos capítulos ou apartados que previches e que van acompañados dos gráficos, dos esquemas ou das ilustracións adecuadas.
- Volve lelo todo prestando atención á ortografía, á puntuación, aos acentos, á sintaxe, etc.
- Comproba que cada cita vai acompañada da súa nota bibliográfica.

Algunas normas básicas de redacción.

A finalidade do teu informe é que transmita a información de forma clara e ordenada e que manteña o interese das persoas que van lelo. Para iso ten en conta os seguintes consellos de redacción:

- Evita que haxa uns capítulos moi longos e outros moi curtos; distribúe a información de forma equilibrada.
- Distribúe a información gráfica e visual tamén de modo equilibrado e de forma coherente. Procura que as imaxes que elixes enriquezan o texto.
- En cada capítulo, distribúe as ideas en parágrafos. Recorda que cada parágrafo debe desenvolver unha idea ou un aspecto diferente dunha mesma idea.
- Evita a monotonía: non deas datos obvios ou repitas a mesma idea en lugares diferentes do teu traballo.
- Procura ofrecer os datos de forma progresiva e ordenada: fai que cada idea ou concepto novo se apoie nun xa coñecido ou explicado anteriormente.
- Procura enlazar unhas partes do texto con outras utilizando conectores e marcadores textuais.



Redacta o teu informe

Propoñémosche

Un bo informe escrito debe presentar unha determinada estrutura e axustarse a certas normas de redacción co fin de que sexa o máis claro posible e permita encontrar de forma rápida as informacións que interesen.

Para dar ao teu informe escrito unha forma adecuada, sigue estes pasos.



Imprimir esta folla
de traballo en:
esdelibro.es

a. Toma o teu borrador e decide o título definitivo que mellor exprese o contido do teu traballo e, se o cres necesario, un subtítulo que precise algo máis a idea. Con estes datos, elabora unha portada en que conste tamén o teu nome (se o traballo é individual) ou o teu e o de todos os membros do equipo (se o traballo é colectivo). Escribe tamén nesta portada a data de conclusión do traballo.

b. Redacta unha introdución e unha conclusión final.

- Expón na introdución o tema elixido, os obxectivos da túa investigación e os seus límites, así como as diferentes partes ou bloques de contido en que dividiras o teu traballo.
- Como conclusión, sintetiza as principais ideas recollidas na túa investigación.

c. Completa a bibliografía final apoiándote na lista provisional que elaboraches no paso 9.

d. Inclúe unha primeira páxina en que conste un sumario do informe, cos títulos dos diferentes apartados e os números das páxinas en que comezan. Este sumario coincidirá en grande parte co guión que elaboraches para redactar o traballo.

e. Por último, pensa no deseño da cuberta que protexerá o teu informe.

f. Volve ler todo o que escribiches e fai as últimas correccións e adaptacións que creas necesarias. É posible que aínda teñas que anular, engadir ou cambiar parágrafos ou apartados, ou que sexa preciso corrixir algunhas repeticións léxicas, imprecisións, faltas de ortografía, etc.

g. Cando esteas satisfeito e creas que non o podes mellorar máis, terás o teu informe definitivo. (Se usaches un procesador de texto, o teu informe estará listo; se o fixeches a man, terás que pasalo todo a limpo)



Comproba que...

Propoñémosche

Usa esta lista de control para avaliar que non esqueches nada.

Pensei nas palabras clave relacionadas co tema de investigación	Si	Non
Consultei documentos variados	Si	Non
Selecionei os documentos máis interesantes para o meu traballo	Si	Non
Linou e tomei notas	Si	Non
Sinteticei as ideas máis importantes, en lugar de copialas	Si	Non
Confeccionei un diagrama	Si	Non
Escibín un guión	Si	Non
Escibín un borrador do traballo usando o meu guión	Si	Non
Incluí unha introdución en que se delimita o tema	Si	Non
Incluí unha conclusión	Si	Non
Inserín citas	Si	Non
Comprobei que en todas as citas se menciona a súa procedencia	Si	Non
Pasei a limpo o borrador final	Si	Non
Deseñei unha cuberta	Si	Non
Deseñei unha portada con:		
o título	Si	Non
o subtítulo	Si	Non
o nome dos autores	Si	Non
a miña clase	Si	Non
a data	Si	Non
unha ilustración ou un adorno no bordo	Si	Non
Incluí un sumario detallado na segunda folla	Si	Non
Ilustrei o meu traballo	Si	Non
Inserín pés de foto en todas as imaxes	Si	Non
Incluí unha bibliografía cos datos dos documentos utilizados	Si	Non



Imprimir esta folla de traballo en: esdelibro.es

Ti tamén es un creador.

Desde o momento en que o teu traballo adquire a súa forma definitiva es o dono das túas ideas e esa propiedade intelectual perténcete. Así que, cando alguén as utilice como base de partida para outros traballos, tamén terá que te citar. Non o esquezas!



A exposición oral

Ademais

Cando se expón oralmente non se trata de ler un texto, senón de transmitir as ideas creando interese nos que escoitan. Por iso deberás facer un bo traballo previo de investigación e preparar unhas fichas con notas esquemáticas que che sirvan de recordatorio. Tamén é importante facer previamente un pequeno ensaio da túa exposición.



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es

As túas notas deben incluír:

- o título,
- o plan,
- a introdución e a conclusión,
- os puntos máis importantes que debes tratar,
- fórmulas para cambiar dun tema a outro,
- citas, referencias de documentos, etc.

É importante que o texto das notas sexa claro e que o escribas con letras grandes utilizando diferentes cores, símbolos, etc. Escribe só por un lado da ficha e numéraas.

Expón as túas ideas de forma ordenada. Podes facelo seguindo a seguinte estrutura:

• 1. Introducción

Pode ser un texto en que avances o tema ou pode ser tamén unha cita, unha anécdota, unha pregunta, a referencia a un tema tratado na clase, etc.

• 2. Desenvolvemento

Ao principio da exposición presenta o plan cos principais temas que vas tratar. Podes escribilo no encerado, para que estea á vista de todos. Terás que recordalo ao longo da túa exposición; por exemplo, cando comezas un novo apartado. Despois, empeza a desenvolver cada apartado. Para facelas máis claras e interesantes, podes ilustrar as túas explicacións con algúns elementos como, por exemplo, gráficos, debuxos, fotos, mapas, diapositivas, transparencias, maquetas, gravacións, etc.

• 3. Conclusión

É o final, cando debes repetir as ideas máis importantes e expoñer as conclusións ás que chegaches na túa investigación. Podes terminar cunha cita que poña un peche atractivo.



O panel ou mural

Ademais

Vimos dúas formas de presentación: unha en que predomina o texto escrito, outra en que predomina o texto oral, e agora imos ver unha forma de presentación en que se combinan o texto escrito e a información gráfica, con predominancia da última.

Como debe ser un bo mural?

Algunhas características dos murais son:

- Obrigan a condensar as ideas ao máximo e a poñer só o esencial.
- Préstanse ao traballo en equipo, onde cada cal pode achegar as súas habilidades (redactar, resumir, rotular, debuxar, etc.).
- Teñen un compoñente artístico e estético que non se pode esquecer.
- Poden ser utilizados como base para unha exposición oral.
- A súa presentación é moi importante e segue unhas regras:
 - * A proporción de textos e imaxes debe ser equilibrada.
 - * Débense deixar marxes e espazos entre os documentos para que o contido estea máis claro.
 - * Débense agrupar os contidos por apartados e colocar os documentos dun mesmo tema nunha mesma zona do mural.
 - * Pódense resaltar algúns documentos e sinalos en certos lugares, enmarcándoos, coloreándoos, con frechas, etc.
 - * Débese respectar o sentido da lectura, da esquerda á dereita e de arriba a abaixo.
 - * Aínda que algúns murais fanse sobre cartolina, tamén se pode facer un mural máis grande nun taboleiro de anuncios, por exemplo.



Imprimir esta folla de traballo en:
esdelibro.es



Avaliación. Como vas?

Recorda o que aprendiches, fórmulate as seguintes preguntas e comenta as túas conclusións co grupo:

Coñecín a estrutura que debe ter un bo informe.

- Resultoume fácil?
Que dificultades encontrei? _____
Como as solventei? _____

Apliquei algunhas normas básicas de redacción.

- Resultoume fácil?
Que dificultades encontrei? _____
Como as solventei? _____

Aprendín a elaborar e a corrixir o borrador.

- Resultoume fácil?
Que dificultades encontrei? _____
Como as solventei? _____

Fixen a redacción definitiva.

- Resultoume fácil?
Que dificultades encontrei? _____
Como as solventei? _____

Podes anotar as túas conclusións neste recadro:

Paso 11: en Internet



Claves para o profesor

Obxectivos

- Revisar todas as fases do traballo para comprobar que se fixo respectando o dereito á propiedade intelectual.
- Publicar a investigación en www.esdelibro.es.

Plan de traballo

	PROPOÑÉMOSCHE
	É de libro a túa investigación?
	Cuestionario
Actividades	Os alumnos contestan a un cuestionario e analizan se a súa investigación seguiu todos os pasos de creación respectando o dereito á propiedade intelectual.
Tempo	30 minutos
Nivel recomendado	Todos os ciclos

Pensa en ©

Sigue pensando sempre en ©.

Ao longo de todo o percorrido demos algunhas ideas sobre como respectar a propiedade intelectual. Convidámoste a seguir pensando sempre en ©. Sabemos que o farás posto que, se chegaches ata aquí, descubrirías que, como creador ou creadora, ti tamén tes os teus dereitos.



Actividades

Que vas facer?

Chegaches ao final do percorrido, que foi longo e frutífero: o teu traballo de investigación está terminado e talvez poderás publicalo. **Para decidir se o teu traballo é apto para ser publicado, nesta unidade:**

- Vas comprobar se a túa investigación é de libro, é dicir, se respectaches en todos os pasos a propiedade intelectual dos autores cuxas creacións consultaches.
- Darémosche as instrucións para que nos fagas chegar o teu traballo.



É de libro a túa investigación?

Propoñémosche

Responde con sinceridade ao seguinte cuestionario.

Se obtés a puntuación necesaria pasarás á fase de publicación en www.esdelibro.es

É DE LIBRO A TÚA INVESTIGACIÓN?

1.	Procuraches que a elección do tema de investigación fose persoal e baseada nas necesidades e intereses propios?	si	non
2.	Valoraches suficientemente as túas propias ideas e creacións orixinais?	si	non
3.	Respectaches e valoraches as ideas e creacións orixinais dos teus compañeiros no caso de que parte ou todo o traballo o fixeras en grupo?	si	non
4.	Evitaches copiar totalmente ou en parte o tema proposto por algún dos teus compañeiros de clase?	si	non
5.	Evitaches imitar ou copiar totalmente ou en parte algunha idea ou creación orixinal dalgún dos teus compañeiros?	si	non
6.	Se o traballo foi guiado polo teu profesor ou algunha outra persoa, acordácheste de citalo?	si	non
7.	Procuraches que as túas fontes de información fosen todas as que se indicaban no contrato?	si	non
8.	Verificaches que as túas fontes de información fosen fiables?	si	non
9.	Anotaches en todas as ocasións as túas fontes de información?	si	non
10.	Citaches todas e cada unha das túas fontes de información (libros, xornais, revistas, CD-ROM, Internet, etc.) na bibliografía final?	si	non
11.	Puxeches entre comiñas as frases literais pronunciadas por outros ou as citas tomadas das túas fontes de información indicando na nota bibliográfica de onde proceden?	si	non
12.	Citaches tamén as túas fontes de información no caso de datos recollidos a través de enquisas ou entrevistas feitas a outras persoas?	si	non
13.	Fixeches constar as informacións utilizadas que tomaches de discursos ou charlas ás que asistiches?	si	non
14.	Acordácheste de citar os autores dos gráficos, fotografías ou ilustracións que utilizaras no teu traballo?	si	non
15.	Se elaboraches un esquema, un gráfico, un cadro, etc. que, aínda sendo persoal, se inspirou en algo feito por outro, fixéchelo constar?	si	non
16.	Fixeches constar ao final do teu traballo unha bibliografía completa con todos os documentos de calquera tipo que consultaches?	si	non
17.	Valoraches e agradeciches a axuda dos bibliotecarios, profesores e outras persoas que che orientaron no proceso?	si	non
18.	Trataches con coidado os libros e os outros documentos consultados?	si	non



Imprimir esta folla de traballo en: esdelibro.es

19. Fuches consciente da cantidade de esforzo que moitos creadores e profesionais, ao longo de moitos anos e séculos, realizaron para que esas ideas cheguen a ti nos diversos soportes de información?	si	non
20. Valoraches os autores en que te baseaches para facer o teu traballo?	si	non
21. No caso de fotocopiar un artigo ou as páxinas dun libro para facer o teu traballo, fixéchelo nun centro autorizado polos autores ou editores, é dicir, coa licenza de reprodución que dá CEDRO?	si	non
22. Fuches consciente de que as ideas que manexaches ao longo do proceso son propiedade intelectual dos autores que as crearon?	si	non
23. Evitaches apropiarte das ideas doutro? Tiveches coidado para evitar copiar ou plaxiar?	si	non
24. Procuraches evitar o efecto puzzle ou exceso de citas doutros e preferiches reelaborar a información obtida facendo unha síntese persoal?	si	non
25. Tiveches en conta algunhas actitudes e accións, xa fosen involuntarias ou intencionadas, que vulneran os dereitos de autor?	si	non
26. Achegaches as túas propias ideas enriquecendo así co teu punto de vista o tema do teu traballo?	si	non
27. Deixaches ben claro na túa investigación que opinións son túas e cales son doutros?	si	non
28. Es consciente de que, desde o momento que deches unha forma orixinal á túa investigación, ti tamén es un creador?	si	non
29. Desexas publicar o teu traballo e que os demais se beneficien del se respectan e valoran os teus dereitos como autor?	si	non
30. Tes claro agora que é pensar en ©?	si	non
Puntuación total		


Se tes máis de 25 respostas afirmativas,
o teu traballo de investigación orixinal pode ser publicado en esdelibro.es.



Noraboa,

a túa **investigación** é **de libro!**

Obtiveches a puntuación necesaria para acceder ao editor de www.esdelibro.es e facernos chegar unha sinopse do teu traballo e do proceso que seguiches. **Entra en esdelibro.es, no apartado O concurso, e sigue as instrucións.**



Ao publicar o teu traballo en esdelibro.es estarás dándote a coñecer e difundindo o froito da túa investigación entre todos os internautas e compartirás os teus coñecementos con outros autores que, coma ti, **son de libro!**

Dúbidas © Pensa en ©

Paso 1 O contrato	Cada autor é responsable do seu propio traballo. Todos os autores, polo mero feito de publicar a súa obra, adquiren un compromiso co público ao que a obra vai dirixida: son responsables do seu propio traballo e do respecto ás obras doutros autores en que se basearon. Nas túas investigacións deberás comprometerte a facer traballos de calidade e persoais, a consultar a outros autores que se ocuparan do mesmo tema e a citar sempre as fontes en que te basearas.
Paso 2 O tema	Parte sempre dunha idea propia. Aínda que ao principio non encontres un bo tema, é importante respectar os elixidos polos teus compañeiros e buscar outras alternativas para encontrar o teu. Copiar ou apropiarse da idea doutro non é a forma máis adecuada de elixir un tema para investigar. Sentiraste moito mellor se traballas a partir dunha idea propia. Este é un primeiro paso para aprender a respectar as ideas dos demais.
Paso 3 O plan	Respecta e valora os documentos que consultes. Ao planificar o teu traballo pensa en como respectar a propiedade intelectual en todo momento e recorda o que se pode e o que non se pode facer cos documentos. Non planifiques facer aquilo que supoña non respectar os dereitos de autor, como fotocopiar un libro nun establecemento sen licenza. Podes, por exemplo, facer unha síntese dos documentos doutros autores e basearte no seu traballo para facer o teu, sempre e cando os cites correctamente. Debes prever a forma de recoller os datos dos documentos que consultes, xa que os vas necesitar en varias ocasións ao longo do traballo e, especialmente, para citar os autores no caso de que utilices as súas ideas.
Paso 4 As ideas	Valora as túas ideas. Recorda que estás facendo un traballo de creación. Polo tanto, valora as túas propias ideas e intuicións como algo orixinal e se consciente do esforzo que supón para os autores crear os documentos que estás utilizando.
Paso 5 As fontes	Copia, fotocopia, corta e pega con moderación. Se as bibliotecas e as hemerotecas conteñen tantas obras é porque os seus autores as crearon no seu día. Cando che presten un documento nunha biblioteca, respecta os dereitos do seu autor. Se fotocopias faino onde contes coa autorización dos autores e dos editores mediante a licenza de CEDRO. O mesmo ocorre con Internet: o feito de que sexa sinxelo descargar un documento ou cortar e pegar texto non significa que se poida facer de calquera maneira. Todos os documentos teñen un autor que ten dereito a que se respecte a súa creación. Le os avisos de reserva de dereitos de autor que soe haber nas páxinas web. A medida que vaias encontrando documentos debes ir anotando os seus datos para poder citalos se utilizas as súas informacións.

Paso 6 Os documentos	Identifica adecuadamente os documentos. Para poder citar os documentos en que te basearas no teu traballo, necesitarás os seus datos. Por iso é fundamental que nesta fase de selección de documentos vaias anotando todos os seus datos de identificación para poder recorrer a eles cando elabores unha bibliografía.
Paso 6 Os documentos	Respecta as túas fontes de información. As fichas bibliográficas serven para organizar os documentos que seleccionaches para a túa investigación. Tamén che servirán para, ao final do teu traballo, citar nunha lista a todos os autores e documentos que utilizaches durante a túa investigación. Desta forma expós as fontes en que te baseaches e o teu respecto polos dereitos de autor.
Paso 7 A información	Cita a outros autores cando reproduzas fragmentos das súas obras. Nos teus traballos de investigación é normal que te apoies nas opinións e nos datos que outros investigadores publicaron antes ca ti. Podes utilizar fragmentos dos seus textos pero debes ser respectuoso con estes autores e co dereito á propiedade intelectual. Así, pois, anota sempre de onde procede a información que estás consultando, para poder citala no teu traballo.
Paso 7 A información	Se fotocopias ou escaneas, se legal. Recorda que as principais formas de fotocopiar ou escanear legalmente páxinas de libros ou revistas son: ou ben na túa casa, co teu propio escáner ou fotocopiadora (sempre que o fagas para o teu exclusivo uso privado), ou ben en copisterías, bibliotecas, centros de ensino, etc., que conten coa autorización dos autores e dos editores, é dicir, coa licenza de reprodución de CEDRO.
Paso 7 A información	Deixa sempre constancia das túas fontes de información. Sempre que manexes unha información indica onde a atopaches; sempre que utilices argumentos que non sexan teus identifica que persoa ou entidade emitiu esa opinión e se estás de acordo ou non con ela. Non plaxies ningunha opinión. Non te apropias do que non é teu. Se utilizas a obra doutro autor para un traballo, non esquezas citalo. Utiliza sempre as estratexias que che propuxemos para a lectura crítica e deixa moi claro que ideas son túas e cales non.
Paso 8 O guión	Fai teus os achados da túa investigación. Neste paso deberás intentar que o teu guión reflecta o máximo posible os achados da túa investigación e darlle un enfoque persoal.
Paso 8 O guión	Recorda os seguintes consellos: Deixa moi claro que ideas son túas e cales non. Non copies fragmentos longos de texto, para evitar que o teu traballo sexa un «recorta e pega». Valora e respecta as achegas dos autores dos documentos que utilizaches e indica sempre as túas fontes de información.

Paso 9 Se orixinal	<p>Pensa que copiar, imitar ou plaxiar son cousas diferentes.</p> <p>O plaxio é un delito que consiste en apropiarse das ideas e producións doutros ocultando a súa orixe e violando, polo tanto, o dereito á propiedade dos autores. Unha creación orixinal, en cambio, é aquela que aínda que se basea en coñecementos e investigacións anteriores, achega algo novo: unha idea que complementa o tema, un novo enfoque, unha nova interpretación, unha síntese ou recompilación orixinal, etc.</p> <p>Nas conclusións do teu traballo debes citar a todos os autores dos que tomaras informacións, citas textuais, imaxes, etc.</p>
Paso 10 O informe	<p>Como creador tamén tes os teus dereitos.</p> <p>Debes tomar conciencia do esforzo que che supuxo levar a cabo a túa investigación. Ti tamén es un creador e, como tal, tes uns dereitos que os demais deben respectar.</p>
Paso 10 O informe	<p>A información gráfica tamén ten dono.</p> <p>A información gráfica (debuxos, esquemas, fotografías, infografía, planos, mapas, etc.) tamén pode ser unha propiedade intelectual dunha persoa ou dunha empresa. Por iso, antes de incluíla nun traballo, débete informar sobre as condicións do seu uso, pedir autorización aos seus creadores para usala e citalos, tanto a eles como ás fontes orixinais.</p>
Paso 10 O informe	<p>Ti tamén es un creador.</p> <p>Desde o momento en que o teu traballo adquire a súa forma definitiva, es o dono das túas ideas, e esa propiedade intelectual perténceche. Así que cando alguén as utilice como base de partida para outros traballos, tamén terá que citarte. Non o esquezas!</p>
Paso 11 En Internet	<p>Sigue pensando sempre en ©.</p> <p>Ao longo de todo o percorrido démosche algunhas ideas sobre como respectar a propiedade intelectual. Convidámote a seguir pensando sempre en ©. Sabemos que o farás posto que, se chegaches ata aquí, descubrirías que, como creador ou creadora, ti tamén tes os teus dereitos.</p>

Preguntas frecuentes

A quen se lle considera autor?

A lei considera autor á persoa que crea algunha obra literaria, artística ou científica.

Que é unha obra para os dereitos de autor?

É a creación orixinal literaria, artística ou científica expresada por calquera medio ou soporte, tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro. É o obxecto sobre o que a Lei de propiedade intelectual concede determinadas facultades a favor do seu titular.

Como podo acreditar que unha obra é miña?

A maneira máis sinxela para acreditar a propiedade dunha obra é a súa inscrición no Rexistro da propiedade intelectual. Agora ben, se se trata de impugnar unha inscrición feita por outra persoa da que se considera que se atribuíu ilicitamente a autoría sen ser realmente o autor, é posible recorrer a calquera forma de proba que existe no noso dereito (testemuñas, documentos, peritos etc.). Será necesario, iso si, acudir a un procedemento xudicial co fin de que un xuíz acorde a anulación do asentamento rexistral incorrecto e a inscrición da obra a nome do seu verdadeiro autor. En calquera caso, a propiedade intelectual dunha obra pertence ao seu autor polo mero feito de creala.

Que é o Rexistro da propiedade intelectual?

O Rexistro da propiedade intelectual é unha oficina pública concibida como un instrumento máis para a protección dos dereitos de propiedade intelectual dos autores e demais titulares sobre as creacións de carácter literario, científico e artístico.

Non é obrigatoria a inscrición dunha obra no rexistro para adquirir os seus dereitos de propiedade intelectual, xa que os ten o autor polo mero feito de creala.

(Máis información en www.mcu.es/propint/)

Existe propiedade intelectual sobre as ideas?

Non, a propiedade intelectual protexe as creacións, é dicir, a expresión por algún medio de ideas, teorías, sentimentos, etc., pero non as ideas en si mesmas.

Escribín un libro, pero aínda non está publicado. Está protexido pola lei?

Si, os dereitos de autor sobre unha obra corresponden ao seu autor ou autora polo simple feito de creala. A obra protéxese desde o momento en que se crea (por suposto, ten que se tratar dunha creación orixinal) sen que sexa necesario ningún tipo de rexistro especial, aínda que na

práctica é recomendable, para unha mellor protección da obra, inscribirla no Rexistro da propiedade intelectual.

Para publicar un libro meu, a editorial proponme a sinatura dun contrato de edición. En que consiste este contrato?

En virtude do contrato de edición o autor cede ao editor temporalmente os dereitos de reprodución da súa obra (normalmente en forma de exemplares impresos) e da súa distribución comercial, a cambio dunha remuneración económica. A Lei de propiedade intelectual establece o contido mínimo dun contrato de edición.

Escribín unha serie de contos. Que dereitos teño sobre eles?

A nosa lei vixente establece que a propiedade intelectual dunha obra pertence ao seu autor polo mero feito de creala. Esa propiedade intelectual está formada por dereitos de carácter persoal (dereitos morais) e por dereitos de explotación (dereitos patrimoniais), que atribúen ao autor a plena disposición e o dereito exclusivo á explotación da obra, sen máis limitacións cás que establece a lei.

Uns compañeiros e eu escribimos un libro de texto para unha editorial. Protéxenos a Lei de propiedade intelectual?

Si, na medida en que esta lei protexe os autores de creacións orixinais. Non obstante, nalgúns casos, os dereitos de autor sobre os libros de texto corresponden exclusivamente ás editoriais que os publicaron, se se editaron como «obras colectivas», no sentido que dá a esta expresión a Lei de propiedade intelectual no seu artigo 8: : «Considérase obra colectiva a creada pola iniciativa e baixo a coordinación dunha persoa natural ou xurídica que a edita e divulga baixo o seu nome e está constituída pola reunión de achegas de diferentes autores cuxa contribución persoal se funde nunha creación única e autónoma, para a que fora concibida sen que sexa posible atribuír separadamente a calquera deles un dereito sobre o conxunto da obra realizada. Agás pacto en contrario, os dereitos sobre a obra colectiva corresponderán á persoa que a edite e divulgue baixo o seu nome.»

Qué significa que unha obra entrou no dominio público?

Por regra xeral, os dereitos de explotación da obra duran toda a vida do autor e setenta anos máis despois da súa morte. Transcorrido ese prazo dise que a obra entrou no dominio público e que,

polo tanto, pode ser reproducida ou utilizada sen contar co permiso dos herdeiros e sen aboar contraprestación económica ningunha.

Non obstante, esta utilización por terceiras persoas de obras en dominio público debe respectar o dereito moral do autor da obra. Ademais, hai que ter en conta que, aínda que unha obra estea no dominio público, existe a posibilidade de que a edición desa obra que un quere reproducir ou usar doutra forma, por ser moderna, non estea no dominio público, senón que teña uns titulares (normalmente os editores) con dereitos sobre ela. O prazo de protección de setenta anos compútase desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte ao da morte do autor.

Estou preparando unha clase. Podo facer un expediente con fotocopias de capítulos de diferentes libros e artigos de revistas para distribuílo entre os meus alumnos?

É posible facelo coa autorización dos titulares dos dereitos das obras que se queren reproducir. Unha forma sinxela de conseguir esa autorización é mediante a licenza de reprodución que dá CEDRO no nome dos autores e dos editores de libros, revistas e outras publicacións. No entanto, de acordo coa Lei de propiedade intelectual non é necesaria a autorización dos titulares de dereitos (nin, polo tanto, a licenza de CEDRO) cando no ensino regrado un profesor, co fin de ilustrar as súas clases, reproduce pequenos fragmentos de obras para o seu uso nas aulas. Segundo a lei, esta excepción ao principio xeral de que para utilizar unha obra é preciso o permiso dos seus autores non afecta aos libros de texto, ás reproducións extensas das obras, nin ás copias que fagan persoas distintas aos profesores ou que vaian usarse fóra da aula, casos en que si que se require a licenza dos titulares.

É posible legalmente fotocopiar ou escanear libros e revistas?

Si, no caso de se cumprir determinados requisitos establecidos na lei. Por principio, é posible facelo sempre que se conte coa autorización dos titulares dos dereitos, autores e editores. Esta autorización pode obterse directamente dos propios titulares ou ben mediante unha licenza de reprodución de CEDRO.

A fotocopia ou o escaneado tamén é legal cando se fai no ámbito doméstico para o uso privado dun mesmo.

Que é e a que se dedica CEDRO?

CEDRO é a entidade de xestión colectiva de dereitos de autor no sector da obra escrita. É unha asociación de escritores, tradutores, xornalistas e editores que se dedica a protexer e a xestionar de maneira colectiva os seus dereitos de autor de tipo patrimonial. A misión de CEDRO é mellorar en España as condicións de traballo dos creadores da cultura escrita e facilitar o acceso legal dos cidadáns aos libros, ás revistas e a outras publicacións.

Máis información en www.cedro.org

É posible, ao facer un traballo, copiar fragmentos dos documentos (libros, revistas, etc.) que estou utilizando?

Si, é posible facelo incluso sen pedir a autorización do autor, sempre que esa copia se faga en forma de cita para a súa análise, comentario ou xuízo crítico, e que se indique correctamente o autor da obra e a fonte da que procede a cita.

Tendo en conta que os traballos de investigación que se soen facer no instituto teñen como finalidade a aprendizaxe, é lícito imitar a algún autor ou inspirarse nel para enfocar o traballo?

É lícito imitar coa finalidade de aprender, pero hai que ter en conta a diferenza entre imitar, citar e plaxiar. O plaxio (a copia de obras alleas que se presentan como obras propias) está considerado como un delito.

Se tes máis dúbidas, podes consultar esdelibro.es. Alí encontrarás máis preguntas frecuentes e poderás contactar co noso servizo de asesoría: asesoria@esdelibro.es.

Bibliografía

BERNABEU, N. *Técnicas de estudio I. Comprender y organizar la información y el conocimiento*. Madrid: Bruño, 2002.

BERNABEU, N. *Técnicas de estudio II. Valorar y enjuiciar los textos: la lectura crítica*. Madrid: Bruño, 2003.

BLAXTER, L.; HUGHES, C.; TIGHT, M. *Cómo se hace una investigación*. Barcelona: Gedisa, 2001.

CHEVALIER, B. *Lecture et prise de notes*. Paris: Nathan, 1992.

CHEVALIER, B. *Méthodes pour apprendre à l'école, au collège*. Paris: Nathan, 1993.

ILLESCAS, M.J. *Con ingenio seré un genio IV. Técnicas de estudio y trabajo intelectual*. Madrid: Editex, 2004.

Organización Internacional de la Propiedad Intelectual <http://www.wipo.int/portal/index.html.es>

WRAY, D.; LEWIS, M. *Aprender a leer y escribir textos de información*. Madrid: Morata, 2000.

Índice temático de actividades

Actitudes do alumno

Investigas ou saes do paso?	Paso 1
O termómetro	Paso 1

Busca avanzada en Internet

Busca que busca	Paso 5
-----------------	--------

Compromisos do alumno

O contrato do investigador	Paso 1
----------------------------	--------

Concreción do traballo

Pénsao ben!	Paso 3
Fai un plan	Paso 3

Documentos

Que soes facer ti?	Paso 2
Explora os documentos	Paso 6
Selecciona os documentos	Paso 6
Organiza os teus datos bibliográficos	Paso 6

Elaboración dun diagrama

Fai un diagrama	Paso 4
Termina o teu diagrama	Paso 8

Elección dun tema

Sigue o rastro!	Paso 2
Que soes facer ti?	Paso 2

Etapas dunha investigación

Paso a paso	Paso 1
-------------	--------

Avaliación da investigación

É de libro a túa investigación?	Paso 11
---------------------------------	---------

Extracción de información

Es un lector crítico?	Paso 7
Encontrar respostas ás miñas preguntas	Paso 7
Anotar para citar	Paso 7
Comparar dous textos	Paso 7
Distinguir feitos e opinións	Paso 7

Formulación de preguntas

A fórmula Paso 2

Fontes de información

As fontes Paso 5

Visita unha biblioteca Paso 5

Busca que busca Paso 5

Que soes facer ti? Paso 6

Lectura crítica

Es un lector crítico? Paso 7

Distinguir feitos e opinións Paso 7

Palabras clave

Onde están as chaves da información? Paso 4

Bonecas rusas Paso 4

Planetas e satélites Paso 4

Presentación do traballo

Pensa en como vai ser o teu informe Paso 10

Fai un borrador Paso 10

Publicación do traballo en esdelibro.es

É de libro a túa investigación? Paso 11

Redacción do informe final

Fai o guión Paso 8

Redacta o teu informe Paso 10

Comproba que... Paso 10

A exposición oral Paso 10

O panel ou mural Paso 10

Respecto ao dereito de autor

Vale, non vale Paso 1

Anotar para citar Paso 7

Citar Paso 9

Parafrasear Paso 9

A bibliografía Paso 9

É de libro a túa investigación? Paso 11

UNHA INICIATIVA DE:



CO APOIO DE:



Este documento forma parte de Es de libro, programa educativo para fomentar a lectura, a creación textual e o respecto dos dereitos de autor, promovido por CEDRO e dirixido ao conxunto da comunidade educativa